

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE MARZO DE 2007.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. Xosé María Rivera Arnosó.

**Asistentes:**

D. Xosé María Permuy Martínez.  
D. Andrés González Vizoso.  
D<sup>a</sup> Alicia Martínez González.  
D. Xosé Anxo González Tomé.  
D. Manuel V. Pico Sanmartín.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido.  
D. José Iván Puentes Rivera.  
D. Manuel A. Rodríguez Carballeira.  
D<sup>a</sup> Carmen Goti Ramil.  
D. Carlos García Bermúdez.  
D. Jorge Luis Yáñez Fernández.  
D<sup>a</sup> Elvira Amado López, quen se incorpora á sesión no momento que se especifica na acta.  
D<sup>a</sup> Amalia Malvar Fernández.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Acebes Ruano.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as doce horas e trinta e dous minutos do día trinta de Marzo de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Xosé María Rivera Arnosó, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as Don Xosé María Permuy Martínez, Don Andrés González Vizoso, Dona Alicia Martínez González, Don Xosé Anxo González Tomé, Don Manuel V. Pico Sanmartín, Dona Rita María Couto Seijido, Don José Iván Puentes Rivera, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Dona Carmen Goti Ramil, Don Carlos García Bermúdez, Don Jorge Luis Yáñez Fernández, Dona Elvira Amado López quen se incorpora á sesión no momento que se especifica na acta, Dona Amalia Malvar Fernández, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste con escusa a Concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Blanco Pico. Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Águeda Bello Valdés e actúa como secretaria D<sup>a</sup> María del Pilar Acebes Ruano, secretaria accidental do Concello, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**1º.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCIZO 2007.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda de data 23 de marzo de 2007, que transcrito di:

**“Ditame da Comisión Informativa de Facenda do día 23 de marzo de dous mil sete, relativo ao proxecto de Orzamento para o exercicio 2007**

A Comisión Informativa de Facenda en votación ordinaria, por maioría de 2 votos a favor (BNG) e 2 abstencións (1 PSdeG-PSOE e 1 EU-IU) **ditamina** propoñer ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

"1º.- Prestar aprobación inicial ao Orzamento municipal para o exercicio 2007, a contía do cal queda fixada no total de **9.848.531,49** para o orzamento de gastos e **9.901.146,76 euros** para o orzamento de ingresos, asignándolle a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

**A.- Orzamento de ingresos, por capítulos**

Capítulo	Descrición	Importe
I	Impostos directos	3.206.278,25
II	Impostos indirectos	643.000,00
III	Taxas e outros ingresos	1.462.691,27
IV	Transferencias correntes	3.547.759,03
V	Ingresos patrimoniais	48.600,00
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>8.909.328,55</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	10.000,00
VII	Transferencias de capital	922.818,21
VIII	Activos financeiros	60.000,00
IX	Pasivos financeiros	0
	<b>Total operacións capital</b>	<b>992.818,21</b>
	<b>Total orzamento de ingresos</b>	<b>9.901.146,76</b>

**B.- Orzamento de gastos, por capítulos**

Capítulo	Descrición	Importe
I	Gastos de persoal	4.106.350,42
II	Gastos en bens correntes e servizos	2.696.472,30
III	Gastos financeiros	144.050,00
IV	Transferencias correntes	387.578,46
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>7.334.451,18</b>
VI	Investimentos reais	2.104.701,53
VII	Transferencias de capital	19.178,76
VIII	Activos financeiros	60.000,00
IX	Pasivos financeiros	330.200,00
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>2.514.080,31</b>
	<b>Total orzamento de gastos</b>	<b>9.848.531,49</b>

2º.- Aprobar igualmente a plantilla de persoal funcionario, laboral para o ano 2007 e a Relación de postos de traballo que figuran no expediente.

3º.-Aprobar as Bases de Execución do mesmo e que figura como anexo do mesmo.

4º.- Anular os axustes efectuados sobre o orzamento prorrogado a que se refire a documentación que obra no expediente dacordo co artigo 21.6 do Rd 500/1990

5º.- O acordo de aprobación, que será único (art. 168.5 do Rd legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aporba o texto refundido da lei Reguladora das Facendas Locais), requirirá o quorum esixido para a súa aprobación sendo de aplicación o establecido, con carácter xeral para os acordos das corporacións locais, no artigo 47.1 da lei 7/85, LRBRL, *"adopción do acordo por maioría simple dos membros presentes, existindo tal maioría cando os votos afirmativos son mais que os negativos"*.

6º.- Que unha vez aprobado inicialmente, si procedera, o Orzamento pola Corporación, expoñeráse ao público –previo anuncio no BOP- por prazo de quince días hábiles durante o cal os interesados poderán examinalo e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes ante o Concello Pleno. O Orzamento entenderáse definitivamente aprobado si durante este periodo non se presentaran reclamacións, tal como dispoñen os artigos 169.1 do Rd legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. En caso contrario, o Concello Pleno disporá do prazo de un mes para resolve-las, entendéndose éste contado a partires do día seguinte ao da finalización da exposición ao público; as reclamacións consideraranse denegadas en calquera caso si non se resolveran no acto de aprobación definitiva."

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez, quen unha vez concedido manifesta que o orzamento municipal de Fene para o 2007 no que se van gastar sobre nove millóns e medio de euros, recoñece que hai un incremento do 5% con respecto ao 2006 e un 10% con respecto ao 2005, hai un incremento anual importante, non obstante dicir que tanto o orzamento como as ordenanzas son os documentos mais importantes e onde se plasma toda a liña política que marca o grupo de goberno dentro dun concello, neste caso non é a liña política exclusivamente do BNG xa que é unha liña política consensuada coa maioría dos grupos que quixeron consensuar e tamén porque están a falar dun orzamento de trámite, no plano de que fora o mais real posible nos ingresos, algunhas veces neste caso nalgúnhas cantidades podían haber incrementado algunhas partidas maioritariamente pero viron que era preferible deixalo así á vista de que estamos cara a unhas próximas eleccións e o novo grupo que se cree despois das eleccións, eles pensan que vai ser dende o mesmo grupo político que están actualmente, que poden incrementar as partidas correspondentes que sexan necesarias. Non obstante, continúan coa política de redución de gastos correntes que xa levan anos facéndoo cunha certa importancia, onde os ingresos correntes pasar xa por enriba dos gastos co cal o déficit que había de tesourería empezase a notar esa baixa e se empeza a notar que xa non hai tanta presión no tema de tesourería onde agora mesmo levan unha diferenza de seis ou sete meses nos pagos a provedores que tamén cre que é unha baixa importante. Quizás o fallo que teñen agora mesmo é non presentar a liquidación do 2006, xa falan cos grupos que hai unha serie de problemas técnicos tanto na Deputación como no Concello que impediron facer este informe, polo tanto a única liquidación actual e real que teñen é a do 2005 aínda que tamén é certo que os parámetros que están a utilizar marcan a tendencia de seguir reducindo os gastos correntes, de reducir o déficit que había na tesourería, polo tanto aínda que sendo un orzamento de trámite, é un orzamento importante que vai dar unha parte moi importante de obras para o Concello. Nos capítulos de ingresos dicir que o incremento é tamén cuantificado ao igual que os gastos do 5% e que é un incremento porcentual que ano a ano vanse mantendo, onde o mais importante é o capítulo de ingresos de impostos directos que leva o 32%, cunha suba do 11% con respecto ao 2006; nos impostos indirectos hai un incremento do 6%; nas taxas que acumula o 15% dos ingresos; as transferencias correntes que son do 36% onde hai transferencias doutras administracións e dan aproximadamente uns ingresos de case dez millóns de euros que é importantísimo. Si fan un balance dos gastos quizás o mais importante, pero que baixou con respecto a outros anos é o capítulo de persoal con 4 millóns que supón o 42% do orzamento

total deste concello. En servizos estase no 27% e o mais importante tamén é que en investimentos reais acadase o 22%, está falando que dos dez millóns de euros, dous e pico van para obras e investimentos reais.

Nestes momentos e sendo as doce horas e trinta e sete minutos incorporase á sesión a Sra. Amado López.

Continúa o Sr. Permuy Martínez a súa intervención dicindo que dentro dos parámetros que marcan como prioritarios dentro do BNG é manter un incremento importante en cultura, que se mantén no 6% do orzamento total, o mesmo que en deportes, que isto levan anos facéndoo porque pensan que a achega que hai que facer a estas áreas socioculturais marcan a diferenza con outras formas de gobernar. No ensino quedaba unha actuación de recuperacións de parques, nos centros de Os Casais, Centieiras e A Xunqueira, e con isto teñen tódolos centros cun pequeno equipamento de parques. Hai unha achega a maiores neste ano que é o convenio coa Xunta de Galicia precisamente no consorcio onde o funcionamento da escola infantil unha achega por parte do Concello ben en obras ou diñeiro que cren que pode supoñer 98 mil euros, hai que cuantificalo, pero é unha apartación que se fixo co consorcio, e tamén vai xa a primeira fase do investimento do que vai ser a escola infantil do Ramo de Barallobre. Dentro dos servizos sociais é unha teima do Concello de Fene a mellora e o mantemento dos servizos sociais como arma importante dentro da igualdade e este ano manteñen o 10% que viñan mantendo anteriormente e ademais mellorando os orzamentos dentro do programa de servizos sociais de base, de conciliación familiar, e tamén mantendo un programa que se estabilizou e que fóra prioritario o ano pasado, poucos Concellos o tiñan ou o teñen que é o proxecto Anta de transporte adaptado ás persoas con dependencia. Si van ás subfuncións dentro dos capítulos, dicir que dentro das obras mais importantes que poden ter neste ano aparte do POS 2007, as travesías que quedaron pendentes, dicir que todas estas obras foron consensuadas durante os últimos meses e para distribución parroquial como é a forma de ser do BNG e neste Concello se leva a cabo, e falta incluír neste orzamento aínda que están aprobados dúas achegas importantes, unha por parte da Deputación provincial cun plan adicional de 280 mil euros que xa mais ou menos están acordados co resto dos grupos para a realización de obras e outro cun PIL de 210 mil euros tamén para acordar coa oposición, isto non está aínda cuantificado no orzamento pero é importante que o coñezan e ademais son cantidades que veñen a sumar a este orzamento precisamente no tema de obras. Nestes últimos anos hai un incremento importante na xestión tanto supramunicipal da Xunta de Galicia e Deputación, cousa que anteriormente non eran capaces aínda tendo a mesma xestión ou mais xestión non se conseguían tantos réditos como agora, e con esta primeira parte explica o orzamento.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que dende o grupo socialista, o primeiro que teñen que facer antes de valorar a proposta orzamentaria é facer un breve repaso de elaboración destes orzamentos e o primeiro que cre é necesario destacar é unha demanda do seu grupo dende o mes de agosto aproximadamente dende o pleno de setembro, de que a proposta orzamentaria que debatese Fene para o 2007 fose ligada á negociación das taxas e o 1 de xaneiro de 2007 o Concello de Fene puidese ter novos orzamentos, para cumprir a lei pero sobre todo para paliar algo que estase a producir tódolos anos, como os orzamentos apróbanse sempre tarde, chégase a final de ano cun nivel de execución bastante cativo dese orzamento no que se pasan meses elaborando ata aprobalo neste pleno, que de feito nese pleno de setembro cando se entregou parte do estado de execución do orzamento de 2006, unha pregunta que fixo o seu grupo foi porque había un nivel tan baixo de execución, foi respostado polo grupo de goberno precisamente aducindo á razón de que se aprobara demasiado tarde e houbera pouco tempo

material para executalo. Continúa a súa intervención o Sr. Puentes Rivera e di que é evidentemente que non lograron que o orzamento de 2007 non entrase en vigor o día 1 de xaneiro, de feito a primeira comisión de facenda á que se lles convocou para empezar a revisar a proposta do grupo de goberno foi do 7 de febreiro deste ano, polo tanto, como punto de partida hai un orzamento que nace xa defectuoso, cunha eiva ao non ser aprobado en tempo e forma, en forma esperan que si, en tempo dende logo que non. Aínda así como tamén se recalcou constantemente nas sesións plenarias dos últimos meses a postura do grupo socialista foi sempre de diálogo, de colaboración e de intentar chegar sempre a entendementos e a acordos como fixeron neste últimos catro anos para facer gobernable o Concello de Fene e solucionar problemas que teñen os veciños e veciñas nas diferentes parroquias por riba das liortas políticas que podan ter neste salón de plenos. De acordo con esa postura, con ese ánimo, o 22 de febreiro o grupo socialista entregoulle ao grupo de goberno un documento onde se recollía a análise previa que facían da situación en Fene, cales eran as prioridades e logo tamén unha serie de actuacións concretas en cada parroquia para poder desenvolver este orzamento. O primeiro que facía o grupo socialista neste documento era lamentar o atraso con que se presentaba esta proposta, en segundo lugar recalcar a postura de colaboración e diálogo e en terceiro lugar sinalar que da análise inicial daquel proxecto de orzamentos que entregaba o grupo de goberno e tamén dos datos coñecidos da liquidación de 2006 naquel momento, o seu grupo concluía que a situación económica do Concello é, canto menos preocupante, sobre todo pola elevada débeda que hai que dificulta a inversión propia do Concello de Fene. De acordo con isto, o partido socialista marcou de cara a esta negociación de orzamentos prioridades claras, en primeiro lugar reducir a débeda municipal destinando cartos específicos dos orzamentos, a reducir o remanente negativo de tesourería que se ven arrastrando dende hai moitos anos e, en segundo lugar distribuír o investimento entre todas as parroquias do Concello tendo como obxectivos prioritarios o investimento en necesidades básicas dos veciños e veciñas, entendéndose isto por auga, saneamento e amaño de camiños. Así as cousas, tendo en conta todo esto que sinalan, as propostas concretas que o grupo socialista lle facía ao grupo de goberno para incorporar a estes orzamentos era unha partida específica destinada a paliar parte do remanente negativo de tesourería, que no ano 2005 era de 790 mil euros aproximadamente, amaño e adecuación á normativa de seguridade de tódolos parques infantís, tanto de fóra como de dentro dos colexios existentes nas diferentes parroquias e logo camiños, obras, abastecemento de auga e alcantarillado en diferentes parroquias do Concello de Fene xunto coa zona mais urbana, obras de maior calado, por exemplo rematar o parque Castelao xunto con varios camiños que se propoñían, ou en San Valentín amañar a desfeita que baixo o seu punto de vista se fixo coas beirarrúas da Avda. do Mar, completando as beirarrúas dende a Avda. do Mar á Avda. da Cooperación para que quedasen ao mesmo nivel e non houberese eses desniveis que nestes momentos nin se acumulase a auga que estase a acumular alí cando chova. Todo isto, unido con diferentes actuacións de camiños, auga e saneamento e servizos en diferentes parroquias. Unha vez entregado este documento, o partidos socialista, o BNG e EU empezaron a traballar nas comisións de facenda para chegar a puntos de entendemento e para chegar a unha proposta que hoxe ven a pleno e que como tódalas propostas teñen aspectos positivos e negativos. Entre os aspectos positivos destacaría que como se solicitaba por parte do seu grupo, hai un superávit, unha diferenza entre os ingresos e os gastos a favor de 53 mil euros que se van destinar a reducir ese remanente negativo de tesourería que ten o Concello e a reducir esa débeda con provedores que o Concello no ano 2005 tiña como dicía antes cifrada en 790 mil euros, no orzamento de 2006 destinaranse aproximadamente 85 mil euros a paliar esa débeda, non saben cal é a día de hoxe porque como dicía o voceiro do grupo municipal de goberno, os grupos da oposición e o grupo de goberno entende que tampouco teñen aínda a execución do ano 2006, polo tanto, a liquidación do ano 2006, e non poden saber cal é o

remanente de tesourería do último ano, pero si que o referente que teñen do 2005 non é bo, en calquera caso neste orzamento irán 53 mil euros tal e como se solicitaba do PSOE destinados a ir reducindo esa cantidade. Outra cousa que tamén se esixía por parte do PSOE era non recorrer a ningún crédito bancario a maiores dos que xa ten o Concello neste momento para non seguir aumentando a débeda cos bancos e efectivamente neste orzamento tamén se cumpre iso e non se recorre a ningún novo crédito. En terceiro lugar crían que tamén no orzamento se debería incluír, e se inclúe, unha parte substancial destas obras que dicía hai un momento que o partido socialista vía como prioritarias en diferentes parroquias, obras que xorden das xuntanzas que mantiveron coas distintos entidades e asociacións de cada parroquia e que lles trasladaron no seu momento. A verdade é que ben no orzamento ou ben nos diferentes plans da Deputación ou da Xunta de Galicia destinados a este fin se inclúen unha boa parte desas actuacións que o partido socialista consideraba fundamentais en cada zona do Concello de Fene, e por último entre os aspectos positivos cre que é oportuno sinalar que obras importantes como saneamentos, auga ou camiños de varias zonas do Concello vencelladas a outras obras de maior calado e vitais para Fene, reclamadas dende hai moitísimo tempo como por exemplo, as escolas infantís de Perlio e de Barallobre se inclúen tamén nos orzamentos. Esta é a parte que ven como positiva e mais favorable desta proposta, pero para eles evidentemente tamén hai unha parte negativa e unha parte que lles gusta bastante menos deste proxecto. A primeira é unha débeda baixo o seu punto de vista desorbitada que aínda ten o Concello de Fene, a débeda bancaria que si que a teñen cifrada aproximadamente nos sete millóns douscentos mil euros, é elevadísima, o remanente negativo de tesourería, a débeda con provedores como dicía a do ano 2006 non a saben posto que non teñen a liquidación, non lles foi facilitada, pero si que no 2005 era de 790 mil euros. Entende, e que está a facer número no aire, pero si no 2005 tiñan 790 mil euros, no orzamento de 2006 destinan 85 mil a diminuír esa débeda, tendo en conta que durante este ano non se teña incrementado en nada, pois sumando esta á débeda bancaria estaríase falando dunha débeda total aproximada de mais menos sete millóns oitocentos vinte mil euros, é dicir, unha débeda de mil trescentos millóns de pesetas practicamente dun orzamento total duns mil seiscentos millóns que é o que se presenta hoxe aquí. En terceiro lugar, como aspecto negativo destacar que non se lles presenta a liquidación do ano 2006 polo tanto, toda a valoración que podan facer do orzamento ten un certo carácter virtual, a eles se lles presenta un documento no que vai haber X ingresos e se proxectan X gastos, pero poden comparar co ano 2006 o que estaba previsto ingresar e o que estaba previsto gastar, pero a liquidación o que lles di realmente é do que estaba previsto ingresar e gastar ¿canto se fixo realmente, canto se gastou e canto se ingresou?, ese é o dato fundamental co que eles poderían comparar este documento de 2007 para saber si é mellor ou peor, pero como non o teñen pois a valoración é un pouco virtual. En cuarto lugar é un proxecto de orzamentos que se presenta sen o informe preceptivo da Secretaría municipal, de feito o informe que ven hoxe a pleno o único que di é "...en data 27 de marzo de 2007, polo Sr. Alcalde-Presidente ordénase a convocatoria do pleno extraordinario a celebrar o día 30 de marzo de 2007 á hora das 12:30 horas co seguinte orde do día.... Con esa mesma data son entregados os expedientes nesta Secretaría e debido ao escaso tempo para miralos e poder emitir informe ao respecto é imposible informalos por carecer de tempo material..." Por tanto, tampouco teñen informe de Secretaría que deberían ter. En quinto lugar é certo como dicía o voceiro do grupo de goberno, que o orzamento aumenta ata case os dez millóns de euros, un 5% con respecto ao ano 2006, pero realmente si se mira o investimento real, é dicir o que o Concello gasta directamente en obra pura e dura, en solucionar os problemas dos veciños ven que cae ese investimento real nun 1,7%, pese a que se vai destinar este ano menos cartos ao remanente negativo de tesourería 85 mil no ano 2005 e 53 mil neste ano 2007. tamén, pese a que este orzamento se eleva e se incrementa un 5% o certo é que os cartos destinados a subvencións ás entidades conxélanse en números absolutos, pero como o

orçamento se incrementou porcentualmente esa cantidade tamén diminúe. O que se incrementa neste orçamento son os gastos financeiros, froito do que se comentaba dunha elevadísima débeda cos bancos, de feito o que se lle paga aos bancos neste ano incrementase nun 31,1% froito tamén da subida de interese, dos moitísimos cartos que este Concello tenlle solicitado aos bancos no seu momento, e froito dunha política financeira que dende logo eles entenden errada durante moito tempo. Neste orçamento tamén se arrastran obras que o partido socialista denunciou no seu momento, obras algunhas non consideraban prioritarios e outras como a do parque Castelao considerando fundamental ter unha zona verde en Fene, considerando fundamental esa zona incluso para recuperala e para tela, non comparten o proxecto dende o seu momento de presentación porque lles parecía innecesariamente moi custoso porque se podería ter feito mais ecolóxico, mais respectuoso co medio e menos custoso para as arcas municipais e por exemplo, esta obra, no orçamento deste ano aínda nos come 185 mil euros que se van destinar un ano mais a esa actuación. Como penúltimo punto das partes negativas, hai un tema que o partido socialista trae recurrentemente aos plenos e non comparten en absoluto como estase xestionando que é como presta servizo de abastecemento de auga en Fene a concesionaria de Auga nestes momentos, eles cren que o orçamento que se trae aquí este ano segue consolidando un modelo escuro, baixo o seu punto de vista, da xestión da auga, a verdade é que si se intenta ler o convenio, esclarecer como se presta o servizo, ao final o que se atopa é un labirinto de ingresos e gastos entre o Concello e Aquagest practicamente imposible de explicar, no pleno de hoxe simplemente quere ler dos breves apartados do convenio asinado entre o Concello de Fene a concesionaria Aquagest que cre son bastante reveladores da situación e dín: “para a preparación do orçamento municipal, o contratista está obrigado a facilitar ao final de cada exercizo un estudio ao Concello no que habida conta das previsións de facturación, aumento de abonados, ampliacións que teñan en proxecto o Concello e actualización do prezo da concesión se fagan aparecer os resultados provisorios da explotación para o vindeiro exercizo, así como da determinación das tarifas correspondentes aos efectos da súa tramitación”. É evidente que eles non teñen ese informe de Aquagest previo á elaboración dos orzamentos e previo tamén a que neste orzamentos se destine unha cantidade de cartos específica para darlle a Aquagest. Tamén no punto dez un deste convenio di: “...trimestralmente o adxudicatario presentará relación da facturación realizada en metros cúbicos en unión dos recibos individuais para a súa toma de coñecemento pola Intervención municipal e a súa contabilización correspondente. O importe da recadación íntegra ingresarase polo adxudicatario na Tesourería do concello coa conseguinte declaración de recibos impagados para a súa correspondente tramitación en vía de apremo...” é evidente que isto tampouco estase a cumprir. Gustaríalle neste punto recalcar un compromiso firme para o partido socialista dende hai varias lexislaturas e mantido nesta última de que si afortunadamente logo do 28 de maio a diferenza do que desexaba o voceiro do BNG o partido socialista ten responsabilidades de goberno neste concello dende logo que non lle caiba ningunha dúbida a ninguén de que o servizo de auga será auditado e posto ao día para aclarar todos estes labirintos que hai actualmente no concello. Como último punto negativo gustaríalle rematar a intervención co que a empezaba que era co atraso na presentación deste orçamento que implicará necesariamente ademais nun ano especial como este que é ano electoral no que a esta corporación lle quedan dous meses escasos de vida e un ano no que o nivel de actividade do Concello dende Maio ata despois do verán vai estar baixo mínimos porque haberá que constituír nova corporación, haberá que poñer a arrincar o Concello e polo tanto dos doce meses que ten un ano veranse reducidos en tempo real para actuar, estase nas portas de abril aprobando un orçamento que baixo o seu punto de vista vai haber escaso tempo para executalo e para levalo á práctica, tamén espera que no futuro iso poida cambiar e que Fene poida ter os orzamentos o 1 de xaneiro como corresponde. En definitiva entenden que froito da afortunada non existencia de maiorías absolutas no Concello

de Fene durante estes catro anos e tamén da necesidade e da vontade, que tamén hai que recoñecelo de diálogo dos grupos da oposición, do partido socialista, de esquerda unida e do partido do goberno o BNG, temos un orzamento mais cabal e mais racional quizais do que tiveron durante moitos anos. Tamén como o PSOE leva reclamando dende sempre e dende hai catro anos, séguese a reducir a débeda do concello de Fene destinando cartos específicos ao remanente negativo de tesourería e non solicitando mais créditos bancarios para non afondar nesa débeda bancaria que ten o Concello de Fene; tamén pouco a pouco cren que se vai corrixindo a discriminación de determinadas parroquias durante moitísimos anos de non inversión ou dun reparto menos equitativo da inversión do que se está producindo neste orzamento, pero é certo que hai aspectos que non lle gustan deste orzamento, polo tanto, non poden apoiar nin votar a favor esta proposta orzamentaria, tamén é certo e cre que non sería responsable nin coherente coa liña de traballo que leva mantendo o grupo socialista que votasen en contra da proposta de orzamentos, fundamentalmente porque a non aprobación duns orzamentos a quen prexudica directamente é aos veciños porque se reduce a inversión e a capacidade de actuación do goberno municipal para facer obras necesarias para todos e todas, e porque necesariamente non queren tampouco hipotecar aínda mais á nova corporación que xurda das eleccións do 27 de maio deste ano, por iso, por compromiso, por responsabilidade e para que poda haber orzamento e en definitiva inversión no Concello de Fene, o PSOE vaise abster nesta votación da proposta orzamentaria para o ano 2007, simplemente remata desexando que a nova corporación que debaterá o orzamento do ano que ven que poda elaborar uns orzamentos con criterios que o PSOE leva anos defendendo para este Concello que son a maior participación cidadá á hora de elaboralos, a solución de problemas básicos dos que teñen que ser prioritarios auga, saneamento e camiños, a transparencia e en definitiva a redución da débeda que é o que está a hipotecar ao Concello anos e anos e está a facer que o Concello non poida inverter o que sería necesario e desexable no conxunto do termo municipal.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral, quen unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar quere pedir desculpas por unha compañeira que non puido asistir por motivos de traballo e a continuación sinala que o Partido Popular votará en contra dos orzamentos do 2007 polas seguintes razóns: en primeiro lugar queren deixar constancia de que se trata duns orzamentos oportunistas a menos de dous meses das eleccións municipais non se pode comprometer á futura Corporación cunhas previsións de ingresos e gastos que van condicionar o futuro. Si como sempre o orzamento non se presenta antes do 31 de decembro, agora co do 2006 prorrogado se debería esperar á cita electoral e non presentar uns orzamentos que seguen incorrendo nos mesmos defectos de sempre. Teñen con sorpresa a abstención do Partido Socialista que seguramente sairán os orzamentos adiante con esta abstención. Que as previsións de ingresos non son reais se toman como base o exercizo 2005, o estado de execución orzamentaria do 2006 está excede en 162 mil euros. O servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, en subministración de auga, Radio Fene, Museo do Humor, amortización dos préstamos por mais de 330 mil euros, continúa sendo unha sangría orzamentaria. Inclúense realización de obras que comprometen varios exercizos fiscais cando aínda están pendentes de execución obras do exercizo anterior como o parque Castelao. Non se destinan 120 mil euros a reducir o endebedamento como así aconsellou o Consello de Contas no informe do ano 2000, recomendación que se cumpriu só un ano. Non se da un tratamento concreto especial para reducir a débeda con provedores, non se destina unha partida dentro de Cultura para conveniar coas sociedades a realización de actos culturais e de todos os locais sociais; non obstante ven con agrado e satisfacción que se inclúa unha partida de 12 mil euros para a elaboración de relación de postos de traballo. Ven con preocupación o que se empeza a presupostar para as galescolas, mais de 63 mil euros cando en teoría o gasto ía estar cuberto por Vicepresidencia e xa se lles di agora



haber si se chega a cubrir o 40% do custo, co cal pasarase a outra sangría orzamentaria imposta por Vicepresidencia, moita propaganda e pouco diñeiro. Ven outra vez 32 mil euros mais para a cuberta da piscina e non se explican a que se debe si acabase de saír dunha reparación. Basta unha simple lectura do informe de intervención para ver que o equilibrio financeiro é irreal e se presenta un superávit inicial para cubrir realmente líquido de tesourería negativo do 2005, co cal seguirase sufrindo durante moitos anos a maquillaxe financeira. Non hai ningunha redución de gastos, claramente se lles di que se fixeron gastos sen ter crédito correspondente, así consta na páxina 4 do informe de intervención, así se recomenda e non se fai, sendo un vicio que dura xa moitos anos, realizar os proxectos con financiamento afectado previstos expresamente unha vez que exista o compromiso firme de achega ao recoñecemento do dereito. Por isto van votar en contra dos orzamentos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que os orzamentos que se lles presentan para o 2007 como ben se observa son continuístas e na liña dos últimos anos, ven que se prevén uns ingresos de case dez millóns de euros, prevése un incremento dun 5% e uns gastos de 9,9 millóns de euros, un incremento previsible dun 5,62% e ven que o resultado que se presenta ao final aínda que hai un equilibrio, un aforro, un superávit duns 53 mil euros. Si se analizan os ingresos destacan cinco apartados que son os que o levan case na súa totalidade, os impostos directos que representan un 32 ou 33%, os indirectos un 6,5%, as taxas un 13,3% e as transferencias correntes, subvencións que se reciben do Estado e da comunidade Autónoma un 35 ou 36%. No capítulo de gastos ven que os gastos de persoal están nun 41 ou 42%, hai que ter en conta que hai un número aproximado de traballadores entre 145 e 150 entre funcionarios e laborais. En gastos correntes un 27,5% e en inversións falase dun 21,5%. Tamén temos un gasto que supón bastante que son os pasivos financeiros de diferentes préstamos cun 3,35%. Como mantiveron nas diferentes reunións, debido a unha serie de motivos que se produciron, non tiñan tanta presa como outros grupos concretamente o grupo gobernante e o PSOE que tiñan unha preocupación importante porque estes orzamentos se aprobaran neste momento determinado, a súa posición como é coñecida, é manter toda a serie de inversións e apoiar cos votos que teñen e a forza que podan ter todas aquelas medidas que redunden en sacar proxectos para adiante, eles en plans de inversións como ben acaba de dicir o PSOE e o BNG estes eran unha serie de temas que se trataron e estaban consensuados na case totalidade das inversións, que a liña do seu grupo sempre se mantivo e é manter e aumentar en todo o que se poida as inversións en servizos básicos e unha distribución equitativa entre todas as parroquias tratando que haxa un equilibrio entre distribución de poboación e extensión, tratando sempre de solucionar aqueles problemas que son mais graves. Cando din que son continuístas ven que realmente segue o remanente de tesourería negativa, ao non dispor dos últimos datos, dos que se dispón son dos do último exercizo pechado do 2005, non saben como van quedar os de este ano e polo tanto van ter que manter esa cantidade por precaución e unha débeda que rolda entre os oitocentos e pico millóns de pesetas, que é unha débeda importante que hai que ter en conta, pero o que lles vai a decidir a posición que van ter á hora de votar, é certo que na reunión que tiveron na comisión de facenda naquel momento manifestaran case como se ían abster, pero en reunións posteriores con afiliados e con xente que vai na candidatura, analizando estes temas, viron unha serie de problemas que os decidiron por cambiar na súa posición. Como ben dixeron, eles co grupo de goberno é certo que invitaron a todos a que fixeran achegas ou meter algún tema mais que consideraran para a aprobación dos orzamentos, eles manifestaron que eran partidarios de que na situación na que se atopan, que hai unhas eleccións próximas, de que os orzamentos foran prorrogados, e como se dixo que se ía colaborar ou facilitar en todas as accións necesarias para sacar os proxectos adiante e que non se quedara paralizada a actividade municipal que require un concello. Tamén

manifestaron que querían e necesitan ter datos mais fiables do exercizo anterior, como ben se dixo que non está pechado, e non se coñece e todo o que se faga proxectos son pero os cimentos non son moi firmes e é como si se levantaran castelos no aire, ven con estes temas que fanlles variar o sentido da votación, enumeran unha serie de puntos como o primeiro o estado de execución que non o teñen dispoñible, certo que é debido a unha serie de problemas que se producen nos Concellos pequenos, o persoal aquí é o que hai, unha persoa determinada que neste caso é clave como todos os postos onde hai unha soa persoa, a técnica municipal por motivos de maternidade estivo uns cantos meses de baixa e non se puido desenrolar o traballo, indubidablemente que houbo unha persoa que a substituíu pero todos saben que unha persoa mentres aterriza e toma coñecemento dos temas non pode desenrolar o traballo como outras persoas, houbo un cambio tamén no posto da Interventora, unha persoa nova que tamén leva tempo acoplarse e que ninguén mire isto como que se querer referir a ningún ataque a ningunha persoa xa que non dubidan nunca da profesionalidade, o que fan referencia é a unhas causas determinadas que polas persoas por moi competentes que sexan lévalles tempo asentarse. Outro punto tamén negativo que lles inflúe neste caso determinado é que tamén quedan dous ordenanzas do 2007 que están sen aprobar como a de auga e saneamento, previse que non van ser conflictivas, e pechan os ollos, e que vai haber un aumento do déficit, e si a isto se une tamén que o vindeiro mes de maio vai haber unhas eleccións, e resultarán uns números determinados que ninguén pode prever e pode estar o grupo que agora goberna ou poden estar outros, eles ante esas causas que se ven preferirían que non se hipoteque o orzamento, seguir cos prorrogados e deixar aos novos grupos que integren a vindeira corporación que estean coas mans libres. Outro punto negativo é que non ven ningunha avantaxe aprobar os orzamentos nesta situación que poida producir avantaxes para o 2007. Tamén chámalle a atención que os dous grupos que eran mais partidarios de sacar ou aprobar os orzamentos adiante chámalle un pouco a atención que o PSOE se absteña cando tivo bastantes negociacións co BNG e como dicían habían pactados moitas cousas pero eles saberán. Falan dun remanente de tesourería negativo de 790 mil euros pero tanto isto como o mantemento do endebedamento que ven que é preocupante ou polo menos a ter en conta, ven que as maiores cantidades son a longo prazo e a curto praza ven que se recorta. Hai un pequeno matiz, como ben dicían que falta o informe de Secretaría pero a eles o que mais lles inflúe á hora de valorar e votar en contra son toda esa serie de datos ou puntos que enumeraron que lles impiden nestes momentos coñecer a situación real e si os tivesen que apoiar sería pedirilles unha confianza tan sumamente grande que por cautela e por unha serie de cousas non poden asumir e por esta serie de motivos van votar en contra.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Permy Martínez, quen unha vez concedido manifesta que é certo que se nota que estase en período electoral, pero non obstante antes de pasar á votación cre que é necesario aclarar un par de temas. Falouse en varias ocasións e todos falaron da débeda do Concello, hai un informe de Intervención onde a débeda do Concello actual é de tres millóns de euros, iso supón o 33% do orzamento, calquera persoa que queira pedir agora mesmo unha hipoteca sobre unha casa é o que están valorando os bancos, o 30 ou 33% do salario das persoas, polo tanto non andan tan descamiñados nin fóra da lei, de feito dentro dos parámetros e as últimas informacións que teñen eran que estaban nun 87% para poder ir a un crédito e quedan ata 110 para endebedar, están nun endebedamento progresista é certo pero aínda están nun endebedamento que se podería utilizar pero que non se utiliza porque agora mesmo o equilibrio entre os gastos e ingresos foise facendo e é factible, polo tanto, optan por esta fórmula de non ir a un crédito, tamén é certo que poderían ir a un crédito para eliminar liquidez pero non o fan e así se acordou que se ía levar ano tras ano. Antes tamén intentou explicar que o acoso que había en tesourería reduciuse considerablemente, pasaron de 13 ou 14 meses a 7 meses, e este ano cren que

fixeron os deberes polo menos dunha maneira bastante asequible, tampouco poden andar con moitas alegrías, hai que seguir apretando o cinto e seguir apretando o que son as contas do Concello. O incremento que hai sobre os pasivos financeiros aproximadamente sobre o 2006 é dun 2% e o que hai é un incremento a maiores do que son os intereses que si é certo que pasan de 99 mil euros a 110 ou 130 e si que dan un 31% pero canda se fala de pasivos financeiros fálase do que pagamos de intereses todo o ano mais a amortización, eses son os números, o que pasou é que este ano houbo un crédito que ata agora estaba exento de amortización e agora empezase a amortizar, esa é unha pequena diferenza. Tamén quere aclarar que cando se le o informe de intervención hai que lelo detidamente e nel no tema das sociedades estase a facer igual que se viña facendo dende hai tempo as subvencións ás sociedades, houbo un problema e ninguén o negou, de interpretación da normativa que se estaba aplicando para as subvencións ás entidades sociais que tivo paralizado a execución das bases durante o 2006, ao final acordouse, e se vai aprobar a continuación, unha ordenanza para que non teña mais problemas o concello de Fene co tema de subvencións ás entidades sociais, e tamén vaise aprobar no tema da modificación da ordenanza número 2 de cultura deportes e o que se acordou que agora mesmo están recollidos tódolos datos e que no momento en que estén baremados se lles vai pagar ás sociedades, polo tanto si existe esa cantidade e está cuantificada. Tampouco parécelle normal que se fale das escolas infantís á hora de que o concello teña que aportar cando dende sempre no outro goberno xa falabamos de un tercio os pais, un tercio a Xunta e un tercio o Concello, eles o único que fixeron agora é unha valoración da parte que lles toca de gastos de mantemento, e iso xa estaba cuantificado e o único que fixo co tema do Consorcio é regular esa fórmula. Un erro de concepto, os 32 mil euros da piscina están contabilizados, pero é que había que facer, cando se fixo a cuberto fíxose o gasto, polo tanto no orzamento hai que manter ese gasto, non é que se duplique; sobre o parque Castelaio hai uns días fíxose unha presentación, aparte de que xa está acordado entre todos os grupos ao remate do edificio onde vai ir Radio Fene, o remate das escaleiras da explanada de arriba aprobado por todos e que vai no orzamento, un proxecto da Deputación de 180 mil euros que aínda se aprobou hai uns días e que empezárase a súa execución neste ano que é o parque da galaxia que é un parque temático e vai dar continuidade ao camiño do Inglés e promocionar tamén o museo do humor, polo tanto, cre que neste tema fixeron un esforzo para dar cabida a un parque que está aí e que ser o nucleamento do que é o vecindario de Fene. Aceptan as posturas dos grupos habida conta de que están en campaña electoral ou precampaña, pero quería aclarar estas dúbidas sobre o tema da débeda que non tan así, e que agora mesmo a débeda do Concello é de tres millóns de euros e é o 33% do orzamento deste ano.

A continuación pide o uso da palabra o SR. Puentes Rivera quen, unha vez concedido manifesta que en primeiro lugar con respecto a si é unha postura ou non preelectoral, motivada polo momento no que están simplemente quere recordarlle ao voceiro do BNG que nos tres anos a postura do Partido Socialista foi a mesma, que foi absterse nestes orzamentos, co cal dubida moito que ao Grupo socialista se lle poida acusar de electoralismo, simplemente seguen o camiño que os demais anos e se chegou a un resultado semellante ao dos demais anos. A débeda non sabe que datos teñen, pero a que eles expuxeron e dixeron, está como dicía porque non a coñecen e non se lles facilitou a liquidación do 2006 está baseado nos datos de 2005, de todos modos dubida de que nun ano se teña reducido tan espectacularmente a débeda do Concello como para estar agora nun 30% aproximadamente, en calquera caso é fácil, é algo que se comprobará cando a liquidación estea rematada e cando todos a podan ver. Si é certo que un Concello pódese endebedar ata un 110% pero cre que non é a situación desexable, unha cousa é que legalmente se poida facer e outra é que se poida sobrevivir ou se poda ter unha institución endebedada ata ese nivel, eles seguen considerando que a débeda do Concello é excesiva e polo tanto seguirán traballando

para que se reduza e que as contas municipais se saneen despois de moitísimo tempo sen estar saneadas. Con respecto á intervención do Partido Popular dicir que tampouco lle sorprende a súa postura porque é a mesma que mantiveron durante os tres anos anteriores de legislatura, unha vez mais cuestionase a postura do Partido Socialista e o PP vota en contra pero realmente se chega ao pleno sen coñecer nin unha soa proposta que o Partido Popular tivera feito en comisión ou en pleno para poder mellorar estes orzamentos, polo tanto a postura non a entende, cre que si alguén non está a favor de algo ou si non lle gusta algo como mínimo ten o dereito de falar e de expoñer e o debe utilizar para a mellora desa proposta, non se ten feito, é votar en contra e punto por moitas razóns e é respectable pero polo menos que non se cuestione a postura do Partido Socialista. En canto ao Sr. Sánchez Martínez de EU aclararlle porqué a abstención, cre que na anterior intervención o deixaban mais ou menos claro, eles coinciden con EU en que se trata dun modelo de orzamento en certo modo continuísta que prolonga un modelo de xestión municipal non compartido polo Grupo Socialista dende hai moitísimos anos, un modelo que con respecto á débeda tense renegociado en varias ocasións, o que ten provocado unha prolongación desa débeda hacia o futuro, unha hipoteca das corporacións municipais dende hai moitísimo tempo, e un modelo de xestión municipal que ten provocado unha situación económica lamentable baixo o seu punto de vista que é a que ten o Concello de Fene a día de hoxe, polo tanto, iso fai que o grupo socialista non poida apoiar estes orzamentos ademais doutra serie de razóns puntuais que explicou na primeira intervención, pero tamén é certo que non sería responsable baixo o seu punto de vista, votar en contra e impedir que este orzamento saíse adiante porque si que hai necesidades e demandas que o grupo socialista a raíz da petición e das reunións con todas as entidades sociais do concello de Fene e que trasladou ao grupo de goberno e están incluídas neste modelo de orzamento, pero sobre todo porque á marxe diso, que non saia adiante o orzamento prexudica aos veciños directamente, porque si Fene non ten un orzamento, gobernar cun orzamento prorrogado é tremendamente complicado, significa reducir inversión e non facer obras que todos os veciños e veciñas de Fene necesitan, polo tanto, a postura, mesturando esas dúas partes positiva e negativa que sinalaba agora, a postura do Partido Socialista cre que coherente e responsable é a abstención.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen, unha vez concedido manifesta que quere dicirlle ao voceiro do PSOE que elas non consideraron presentar ningunha proposta porque non son quen goberna e pensan que é o grupo que goberna o que ten que facer como lle parece, aparte a abstención do PSOE sempre lles parece moi asequible, os orzamentos saen adiante, enganar ao pobo dicindo que non están de acordo pero ao mesmo tempo están de acordo, así que non ten mais que dicir porque sería rebater un a outro e non serviría para nada.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido manifesta que posturas electoralistas ao mellor serán todas nesta vida, da débeda discrepan, teñen uns números que non lle saen nin os números tan altos que manexa o PSOE nin tan baixos como manexa o BNG, a eles sáenlle entre cinco ou seis millóns a débeda, que teñan algún erro saen eses números. As posturas de todos son absolutamente respectables, cada cal opina ou cre que ten a razón. Cando mantiveron dende o primeiro momento que a prórroga do orzamento tampouco ven que poida ocasionar perxuizos aos veciños nin que as dificultades poidan ser tanto, sempre como que se manteña unha aptitude aberta e diante de determinados problemas estén nun afán colaboracionista, outra cousa sería moi diferente que non se aproben uns orzamentos e se estivese cun afán obstruccionista e de paralizalo todo, como eles mantiñan dende EU aínda que neste caso votan negativamente, en determinadas necesidades que son vitais e necesarias manterían a postura que mantiveron sempre como é

a colaboración neses aspectos que son necesarios e sacar os temas importantes dos veciños e do pobo hacia adiante.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión co seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7) dos/as señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez gonzález, Pico Sanmartín, González tomé e Couto Seijido.

Votos en contra: catro (4) dos/as señores/as Malvar Fernández, Fornos Corral, Amado López e Sánchez Martínez.

Abstencións: cinco (5) dos/as señores/as Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez e Yáñez Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 23 de Marzo de 2007 anteriormente transcrito.

**2º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIIS, DEPORTIVOS E DE LECER.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 23 de marzo de 2007 que transcrito di:

**“Ditame da Comisión Informativa de Facenda do día 23 de marzo de dous mil sete, relativo á aprobación da ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer.**

A Comisión Informativa de Facenda en votación ordinaria, por maioría de 4 votos a favor (BNG, PSdeG-PSOE e EU-IU) **ditamina** propoñer ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

**“Primeiro.-** Aprobar inicialmente a ordenanza nº 2, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e de lecer:

**“ORDENANZA FISCAL Nº 2, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E CULTURAIIS MUNICIPAIIS ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIIS, DEPORTIVOS E DE LECER.**

**Fundamento legal**

**Artigo 1º**

*Consonte co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,este Concello establece a taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais, así como pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.*

**Feito impoñíbel**

**Artigo 2º**

1. Está constituído pola utilización de calquera das instalacións deportivas e culturais que constitúen obxecto desta Ordenanza así como pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.

2. Aos efectos da aplicación da taxa pola utilización de instalacións deportivas e culturais a obriga de contribuír nace dende o momento en que se autoriza o aproveitamento da instalación. No tocante á realización da actividades socioculturais, deportivas e recreativas, aos efectos desta taxa a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.

3. A baixa nunha actividade hase solicitar no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuadrimestre) á data de formalización da baixa.

### **Suxeito pasivo**

#### **Artigo 3º**

Están obrigados ao pagamento da taxa por utilización de instalacións deportivas e culturais: As persoas naturais e xurídicas que soliciten a utilización das instalacións deportivas e/ou culturais.

As entidades, organismos, asociacións, federacións, e demais entes xurídicos en nome das que se solicite diante do Concello autorización para utilizar as citadas instalacións.

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer:

As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2

As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.

### **Responsábeis**

#### **Artigo 4º**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixírase en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

### **Cota tributaria**

#### **Artigo 5º**

## **1. USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**

### **1.1. Pavillóns polideportivos municipais cubertos**

tarifas a satisfacer ao Concello

#### **1.1.1. Arredondamentos.**

1) O tempo de utilización das instalacións para competicións oficiais será o establecido na táboa de tarifas. No suposto de que sexa necesaria a utilización por máis tempo, a tarifa multiplicarase de xeito proporcional utilizando ½ horas como unidade de arredondamento.

2) A efectos de fixar a cota tributaria definitiva e con ánimo de simplificar a xestión da recadación os valores resultantes de todas as tarifas arredondaranse á fracción de 50 céntimos de euro máis próxima.

#### **1.1.2. Tarifas.**

<b>Concepto</b>	<b>Categorías</b>	<b>Tempo</b>	<b>A</b>	
			<b>O Ramo</b>	<b>Xunqueira</b>
Adestramentos	Base	1 h	10.50	14.00
	Resto	1 h	17.00	23.00
Adestramento terzo de pista	Base	1 h	-	9.50

	Resto	1 h	-	15.50
Competicións sen despacho de entradas	Base	1 h	11.50	15.50
	Resto	1,5 h	28.50	38.00
Competicións con despacho de entradas	Base	1 h	34.50	46.00
	Resto	1,5 h	85,00	114.50
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios sen despacho de entradas		1,5 h	56.50	76.30
Espectáculos deportivos especiais e culturais ordinarios con despacho de entradas		1,5 h	169.50	229,00
Festivais, maratóns, actividades análogas e espectáculos de carácter profesional		1 día	2491.00	3363.00

- A utilización conxunta da sauna co pavillón da Xunqueira supoñerá un incremento da tarifa correspondente en 10 veces o prezo da sesión individual de sauna. As entidades que utilicen os pavillóns para os seus adestramentos e partidos de competición ao longo da tempa estarán obrigados a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até o 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

### 1.2. Pistas polideportivas municipais descubertas

#### 1.2.1. Tarifas

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
	Uso diúrno para adestramentos ou competición, por 1 hora	26.00
Pistas polideportivas municipais descubertas	Uso nocturno para adestramentos ou competicións, por 1 hora	52.00
	Maratóns, prácticas deportivas análogas e espectáculos profesionais con ánimo de lucro promovidas por particulares ou entidades sen carácter social, por día	623.00

As entidades que organicen maratóns ou espectáculos profesionais en calquera instalación municipal -pista non cuberta, piscina ou pavillón- estarán obrigadas a subscribir a correspondente póliza de seguro de responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 500.000 euros, presentando copia da correspondente póliza e copia do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación.

### 1.3. Casa da Cultura

#### 1.3.1. Tarifas.

Instalación ou servizo	Tarifa base	Prezo
	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	21.80
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	21.80
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	217.98

## 2. SERVIZOS SOCIOCULTURAI, DEPORTIVOS E RECREATIVOS

### 2.1. Casa da Cultura

2.3.1. Tarifas.

<b>Instalación ou servizo</b>	<b>Tarifa base</b>	<b>Prezo</b>
	Salón de actos nunha xornada normal, por hora	21.80
Casa da Cultura	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por hora	41.80
	Salón de actos nunha xornada extraordinaria, por día	217.98

**Piscina cuberta e climatizada municipal de Centieiras**

As tarifas a satisfacer ao Concello pola piscina municipal cuberta e climatizada de Centieiras axustaranse aos seguintes criterios:

2.1.4. Arredondamentos.

A efectos de fixar a cota tributaria definitiva e con ánimo de simplificar a xestión da recadación os valores resultantes de todas as tarifas arredondaranse á fracción de 10 céntimos de euro máis próxima.

2.1.5. Tarifas.

Como resultado de aplicar os coeficientes anteriores as tarifas completas pola utilización da Piscina de Centieiras quedan fixadas segundo os valores da seguinte táboa:

<b>Concepto</b>	<b>Categorías</b>	<b>Total</b>
Baño libre	Menores	2.10
	Adultos	3.10
Bono 8 sesións	Menores	13.30
	Adultos	19.90
Bono 24 sesións	Menores	34.90
	Adultos	52.30
Bono 48 sesións	Menores	59.80
	Adultos	89.70
Bono 96 sesións	Menores	89.70
	Adultos	134.50
Bono 32 sesións	Familiar	58.10
	Menores	7.30
Escola de natación (1 sesión cada semana, durante 1 mes)	Adultos	11.00
	Especiais (B,E,T)	12.00
	Menores	14.60
Escola de natación (2 sesións cada semana, durante 1 mes)	Adultos	21.90
	Especiais (B,E,T)	23.90
	Menores	21.90
Escola de natación (3 sesións cada semana, durante 1 mes)	Adultos	32.90
	Especiais (B,E,T)	35.90
	Menores	21.90
Alugueiro de rúas en exclusiva (1 sesión máx. 6 persoas)	Sociedades	15.60

As sociedades inscritas ou que teñan solicitada a súa inscrición no rexistro municipal de entidades e os colectivos que acrediten esta condición poderán alugar, para nado libre, rúas da piscina municipal. O alugueiro hase condicionar a un máximo de dúas rúas, que non



estean ocupadas por actividades programadas e queden rúas para o nado libre de persoas individuais.

As entidades que utilicen a piscina ao longo da tempada estarán obrigadas a subscribir a correspondente póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil por danos propios e a terceiros cunha cobertura mínima de 300.000 euros presentando copia da póliza e do pagamento do último recibo no momento de facer a solicitude da instalación. Quen non o fixeran para a tempada anterior teñen de prazo até o 30 de xaneiro do ano en curso para facelo.

## 2.2. Escolas deportivas no Pavillón da Xunqueira

### 2.2.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	5.20
	Adultos	-
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	7.00
	Adultos	16.60
Escola deportiva no Pavillón da Xunqueira (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	10.40
	Adultos	24.90

## 2.3. Escolas deportivas fóra do Pavillón da Xunqueira e Escolas culturais

### 2.3.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas e escolas culturais (3 h cada semana, durante 3 meses)	Menores	23.00
	Adultos	55.30

## 2.4. Cursos da Aula de Informática

### 2.4.1. Tarifas.

Concepto	Categorías	Total
Cursos da Aula de Informática municipal	Até 10 h	10.40
	De 10 a 20 h	20.80
	Máis de 20 h	62.30

## 2.5. Obradoiros, cursos puntuais e entradas a espectáculos culturais

Deportivos	Prezo €/actividade
Tenis verán	22,20 €
Tenis Nadal	12,00 €
Piragüismo	22,20 €
Outros cursos até 6 h	6,00 €
Outros cursos até 20 h	15,00 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,00 €
Campamento de verán (7 días veciños/as de Fene)	225,00 €
Campamento de verán (8 días non veciños/as de Fene)	250,00 €
Sendeirismo 1 día comarca de Ferrolterra	10,00 €
Sendeirismo 1 día fóra da comarca	20,00 €

<b>Deportivos</b>	<b>Prezo €/actividade</b>
Sendeirismo 2 días fóra da comarca	40,00 €

<b>Culturais</b>	<b>Prezo €/actividade</b>
Verán máis alá (sen transporte. 1º membro ude familiar)	65,00 €
Verán máis alá (sen transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	35,00 €
Verán máis alá (con transporte. 1º membro ude familiar)	85,00 €
Verán máis alá (con transporte. a partir do 2º membro ude familiar)	45,00 €
Outros cursos até 6 h	6,00 €
Outros cursos até 20 h	15,00 €
Outros cursos por cada 10 h máis	6,00 €
Xornadas (inscrición normal)	6,00 €
Xornadas (inscrición parados e estudantes)	3,00 €
Espectáculos con tarifa	3,00 €
Excursións 1 día comarca de Ferrolterra	10,00 €
Excursións de 1 día fóra da comarca	20,00 €

*Entradas a espectáculos concertados co IGAEM ou a Consellaría de Cultura, 1 € para pensionistas, carné xove e carne de estudante; 3 € para público en xeral.*

*Para outros obradoiros e cursos as tarifas hanse determinar mediante acordo do órgano correspondente garantindo que as mesmas cubran o 50% dos custos da actividade.*

### **3. Inscricións**

*No momento de efectuar a inscrición en calquera Escola Municipal, deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa agás nas Escolas do Pavillón e da Piscina en que poderá optarse entre a renovación do pagamento mes a mes nas instalacións do Pavillón A Xunqueira ou mediante a domiciliación bancaria. Nas escolas e obradoiros noutras instalacións hase efectuar mediante un único pagamento -cando así se estableza- a facer efectivo na instalación que se determine ou mediante o pagamento, por domiciliación bancaria, de tres cotas a facer efectivas nos meses de novembro, xaneiro e marzo.*

*As persoas de fóra do Concello que queiran participar nalgunha escola municipal (incluídas as da piscina) só o poderán facer se hai vacantes nas mesmas e no período de matriculación que se fixe. Para as persoas non empadroadas no Concello de Fene as tarifas das escolas (incluídas no artigo 5.2 desta Ordenanza) hanse incrementar nun 5%.*

*A renovación en ocasións sucesivas de tarxetas magnéticas para o acceso e control informatizado a instalacións e actividades será de 1.30 € a partir da segunda tarxeta.*

*O abono familiar é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas municipais e deportivas municipais así como nas dos Planos Especiais. A esta modalidade só se poderán acoller os veciños e veciñas de Fene. Terá a consideración de abonado familiar o pai, nai, titor ou titora que poderá incluír no seu abono ao cónxuxe e fillos menores de 18 anos, sempre nun número mínimo de dous membros (pai, nai, titor/a e fillo/a) e/ou actividades da mesma modalidade e/ou instalación. O abono familiar só será de aplicación para as matrículas nunha mesma modalidade (Escolas*

*Deportivas de fóra do Pavillón ou Escolas Culturais) e instalación Escolas Deportivas da Piscina e Pavillón; isto é, haberá abonos con carácter totalmente independente para:*

- *Escolas Culturais*
- *Escolas Deportivas Fóra do Pavillón*
- *Escolas Deportivas Pavillón e Piscina.*

*As cotas para os abonados familiares hanse determinar aplicando unha redución do 20% da cota a partir da segunda actividade (da mesma modalidade ou instalación) en que se matricule ou a partir do segundo membro da unidade familiar que o faga. A redución do 20% non se aplicará á actividade que teña a tarifa máis elevada de entre as que se matriculen os membros da unidade familiar.*

### **Concertos fiscais**

#### **Artigo 6º**

*Os clubs e entidades deportivas de Fene que utilicen os Pavillóns Polideportivos do Ramo e San Valentín poderán solicitar acollerse ao correspondente concerto económico. Ao abeiro deste concerto, as entidades beneficiarias dos mesmos aboarán o setenta por cento (70%) das tarifas fixadas para a utilización das citadas instalacións. O pagamento polas entidades concertadas efectuarase a ano vencido, no mes de decembro de cada exercicio, en función das horas de utilización das instalacións e das características das actividades realizadas. A aprobación dos devanditos concertos correspóndelle ao Concello Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo.*

*As condicións de financiamento das Escolas incluídas nos Planos Especiais e Conveniadas coas Sociedades determinarase ao comezo de cada curso escolar.*

#### **Artigo 7º**

*O clube de Fene que ao comezo de cada tempada milite na categoría de maior rango federativo na súa respectiva modalidade e utilice os pavillóns polideportivos do O Ramo ou A Xunqueira para adestramentos e partidos de competición poderá solicitar acollerse a un concerto económico co Concello para xestionar a publicidade estática das instalacións nas seguintes condicións:*

- *O Clube aboará ao Concello, ao remate da tempada, as cantidades que se detallan por cada anuncio que insira na instalación:*

<b>Publicidade perimetral na pista</b>	
<b>Medidas en cms, largura e altura</b>	
195 x 200	2 €/anuncio/mes
200 x 85	2 €/anuncio/mes
200 x 100	4 €/anuncio/mes

- *O clube procederá a retirar a publicidade unha vez rematada a tempada de competición.*

### **Bonificacións**

#### **Artigo 8º**

*Segundo o establecido na lexislación vixente, e previos os informes que se estimen oportunos, o órgano competente do Concello poderá outorgar bonificacións sobre o importe dos dereitos da presente tarifa relativos á utilización de instalacións deportivas e culturais, e mesmo a total condonación deles, sempre que se trate da utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos ou culturais de carácter especial, entendendo por tales aqueles que gozan dunha especial relevancia para a comunidade local ou que contén con colaboración municipal.*

#### **Artigo 9º**

*As persoas ou entidades interesadas na obtención das bonificacións citadas no artigo anterior, presentarán a correspondente solicitude no Rexistro Xeral do Concello, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifiquen a súa pretensión. As citadas solicitudes presentaranse cun mínimo de dez días de antelación á celebración da actividade en cuestión.*

### **Bonificacións**

**Artigo 10º**

*Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos Pavillóns do Ramo e de San Valentín o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal así como os órganos de representación do cadro de persoal do Concello.*

**Artigo 11º**

*Estarán exentos do pagamento das tarifas por utilización dos ximnasios, instalacións deportivas descubertas e instalacións culturais o Concello de Fene, os colexios públicos do concello, os partidos políticos e centrais sindicais con implantación municipal, os órganos de representación do cadro de persoal do Concello e as entidades inscritas ou que solicitaran a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.*

**Artigo 12º**

- 1. De acordo co disposto no artigo 8 da Lei 8/89 de 13 de abril, en situacións de escasa capacidade económica, as tarifas contidas nesta Ordenanza reduciranse nun 50%.*
- 2. En situacións de absoluta imposibilidade económica para satisfacer as tarifas contidas nesta Ordenanza, prestaranse os servizos gratuitamente, previo informe da Área de Servizos Sociais.*

**Artigo 13º**

*As persoas veciñas de Fene ou que traballen no concello e acrediten esta condición nos termos que se establezan na convocatoria, terán unha redución do 34% nas tarifas do campamento de verán de 7 días de duración e do 35,6% nas do campamento de 8 días de duración.*

*Administración e cobranza.*

**Artigo 14º**

- 1. Poderase acordar o depósito previo do importe dos dereitos pola utilización das instalacións deportivas e culturais ás que se fai referencia na presente Ordenanza.*
- 2. O período de cobro será do 13 o 26 de cada mes. Cando se trate da utilización das instalacións deportivas e culturais, as tarifas considéranse reportadas e cobradas simultaneamente coa petición das instalacións, agás no caso das entidades concertadas.*
- 3. As licencias para utilización das instalacións deportivas, cando se trate de espectáculos non deportivos ou deportivos de carácter extraordinario, solicitaranse por medio de instancia dirixida ao Alcalde.*

**Tramitación**

**Artigo 15º**

- 1. As solicitudes de utilización das instalacións dos Pavillóns Polideportivos do Ramo e de San Valentín así como as utilizacións especiais da Piscina de Centieiras (cursos, competicións...) presentaranse nas oficinas do Pavillón da Xunqueira.*
- 2. As solicitudes de alugueiro de rúas nos termos e condicións establecidos na Ordenanza hase entregar na Piscina Municipal.*
- 3. As solicitudes de utilización das instalacións da Casa da Cultura presentaranse na Secretaría da Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo en modelo oficial e cun mínimo de 72 horas de antelación*
- 4. Unha vez concedida a autorización para a utilización das instalacións, practicarase a liquidación dos dereitos e taxas oportunas procedéndose á súa censura pola intervención municipal.*
- 5. Os correspondentes órganos da corporación adoptarán as resolucións que procedan en canto ao outorgamento e denegación e, así mesmo, aprobarán as liquidacións dos dereitos correspondentes.*

**Partidas falladas**

**Artigo 16º**

*Considéranse partidas falladas ou créditos incobráveis aquelas cotas que non se puidesen facer efectivas polo procedemento de prema. Para a súa declaración instruírase o oportuno expediente, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.*

**Obriga de pagamento**

**Artigo 17º**

*As débedas por estas taxas poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de acordo co establecido no vixente Regulamento Xeral de Recadación.*

**Infraccións e sancións**

**Artigo 18º**

*As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro e a súa normativa de desenvolvemento.*

**Dereito supletorio**

**Artigo 19º**

*Naqueles supostos non previstos pola presente Ordenanza, será de aplicación a lexislación vixente.*

**Disposición final**

*A presente Ordenanza, que consta de 17 artigos, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación no exercicio de 2007, agás as tarifas fixadas na totalidade do artigo 5.2 desta ordenanza (tarifas pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos) que serán de aplicación no curso escolar 2007/2008 permanecendo en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación.”*

**Segundo.-** Ordear a Exposición pública das modificacións e a ordenanza nova no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días hábiles, comenzando dito prazo dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

**Terceiro.-** En caso de non presentarse reclamacións entenderase aprobado definitivamente o presente acordo.”

A continuación dáse conta do Informe de Intervención Núm. 100/2007 de data 19 de Marzo de 2007 que transcrito di:

**“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM.100**

**Asunto: Modificación da Ordenanza Fiscal nº2.**

D<sup>a</sup>.Águeda Bello Valdés , interventora do Concello de Fene en relación en relación co expediente que este Concello instrúe, para a modificación da Ordenanzas fiscal nº2, ten a ben emitir o seguinte

**INFORME**

**Primeiro.-** O importe estimado da taxa pola prestación do servizo non poderá exceder, no seu conxunto, do coste real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate tal e como establece o artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL) tal e como queda acreditado no expediente

**Segundo.-** En canto a modificación da ordenanza proposta relativa a concesión de beneficios fiscais recollidos na ordenanza fiscal sinalar:

A nosa constitución establece no artigo 31.1 que “ Todos contribuiran ao sostemento dos gastos publicos dacordo ca súa capacidade economica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade.

Todo sistema impositivo xusto existe que , por unha parte, todas as persoas que teñan capacidade de pago, e queden tipificadas por unha das razóns legais que dan nacemento a obrigación tributaria, sean sometidas a gravamen tributario, e que por outra parte, non se admitan no marco dos tributos excepcións a obriga tributaria que non sexan inexcusables.

En relación a posible exención e bonificacións das deudas tributarias o artigo 8 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, recolle o principio de reserva de lei para o establecemento de exencións e bonificacións, ao establecer que “ se regularan en todo caso, por lei...D) o establecemento, modificación, supresión e prorroga das exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais”.

A súa vez o artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que non poderan recoñecerse outros beneficios fiscais cos expresamente previstos nas normas con rango de lei. Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais cas entidades establezcan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos por lei.

Dado que non se recolle en ningunha norma con rango de lei, a concesión de bonificacións en atención a condicións subxectivas dos suxeitos pasivos a ampliación e establecemento de novas bonificacións infrinxirá o ordenamento xurídico.

Terceiro.- A aprobación do expediente require previo dictamen da Comisión Informativa de Facenda e acordo plenario ( art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Réxime Local)

Aprobado inicialmente o expediente, deberá expoñerse ao publico, por un periodo de 30 días, previo Edicto insertado no tablón de anuncios do Concello, no Boletín Oficial da Provincia, en un diario dos de maior difusión da provincia por un municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados podan examinar o expediente, e presentar reclamacións e sugerencias.

Transcurrido dito prazo sin que se presenten reclamacións, o acordo pode entenderse elevado a definitivo, en caso contrario, será necesario un acordo expreso no que se resolvan as reclamacións.

A ordenanza entrará en vigor cando se publique o seu texto integro no Boletín Oficial da Provincia. A partir da súa publicación, poderá ser impugnado ante a xurisdicción contencioso administrativa, debendo darse traslado do acordo e da ordenanza a Administración do Estado e da Comunidade Autonoma.

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame co seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) dos/das señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez gonzález, Pico Sanmartín, González Tomé, Couto Sejjido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: tres (3) dos/as señores/as Malvar Fernández, Fornos Corral, Amado López.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 23 de marzo de 2007 anteriormente transcrito.

### **3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS.-**

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 23 de Marzo de 2007 que transcrito di:

**“Ditame da Comisión Informativa de Facenda do día 23 de marzo de dous mil sete, relativo á aprobación da ordenanza xeral de subvencions**

A Comisión Informativa de Facenda en votación ordinaria, por maioría de 4 votos a favor (2 BNG, 1 PSdeG-PSOE e 1 EU-IU) **ditamina** propoñer ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

**“Primeiro.-** Aprobar inicialmente a ordenanza xeral de subvencions

**“ORDENANZA REGULADORA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE FENE.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Coa finalidade de regular, dándolle un tratamento homoxéneo á relación xurídica subvencional nas diferentes Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions. Trátase de responder adecuadamente ás necesidades que a actividade subvencional das Administracións Públicas esixe actualmente nos aspectos de transparencia, control financeiro e réxime sancionador.*

*O art. 3.1b) da lei inclúe ás entidades que integran a Administración Local no ámbito de aplicación subxectiva, impondo o art. 9 a obriga de aprobar con carácter previo ao outorgamento das subvencions, as bases reguladoras da concesión nos termos previstos na Lei.*

*O art. 17.2 da lei establece que “as bases reguladoras das subvencions das Corporacións Locais deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencions ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencions”.*

*Polos motivos expostos, considerouse a conveniencia de elaborar unha Ordenanza Xeral de Subvencions que contemple as actividades de tipo social, cultural e deportivas, e outras, cuxas convocatorias son as máis frecuentes no ámbito municipal, precisamente polo seu carácter complementario dos servizos públicos tradicionais, e desta forma, cumprir coas obrigacións legais impostas, previas a aprobación das diferentes convocatorias de subvencions.*

#### **TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1º.- Obxecto.**

1. *A presente ordenanza, ditada ao abeiro da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, ten por obxecto concretar o réxime xurídico xeral da concesión de subvencions, así como o procedemento a seguir para a solicitude, concesión, xustificación e pagamento das mesmas.*

2. *Enténdese por subvención a disposición gratuíta de fondos públicos, en especie ou en diñeiro, que o Concello outorga a persoas físicas ou a entidades públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos:*

a. *Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.*

b. *Que a entrega estea suxeita á realización dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa*

*desenvolvidos ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establezan.*

*c. Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.*

*3. Distínguense os seguintes tipos de subvencións:*

*a) Subvencións nominativas: son aquelas en que as persoas beneficiarias se encontran determinadas e explicitamente identificadas e figuran con tal carácter no Orzamento Municipal de Gastos. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas. Que figuren nos orzamentos municipais desta forma non significa, non obstante, que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senón unicamente o importe máximo de subvención que poida outorgarlle o Concello. En todo caso precisa adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a contía e as condicións en que se concrete a subvención.*

*b) Subvencións directas sen convocatoria previa: As que se outorgan, con carácter excepcional nos supostos en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Dentro destas atópanse as denominadas "emerxencias sociais".*

*c) Subvencións en réxime de concorrencia competitiva: Son aquelas que contemplan unha eventual pluralidade de solicitudes e a concesión require a comparación nun único procedemento, destas solicitudes entre si de acordo cos criterios establecidos na norma reguladora da convocatoria, para resolver sobre a concesión e, no seu caso, establecer a contía.*

#### **Artigo 2º.- Exclusionés**

*Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza :*

*a.- Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.*

*b.- As subvencións que se outorguen aos grupos municipais.*

#### **Artigo 3º.- Principios xerais**

*1. Con carácter xeral as subvencións que se concedan estarán presididas polos principios de publicidade, libre concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*

*2. Non será necesaria publicidade previa cando :*

*a) As subvencións teñan asignación nominativa no orzamento do Concello de Fene.*

*b) Cando a súa concesión e contía resulten impostas por normas que vinculen ao Concello.*

*c) As subvencións directas sen convocatoria previa a que fai referencia o apartado 1.3.b desta Ordenanza.*

*A concesión de axudas ou subvencións efectuarase consonte ao establecido na presente norma, e ao disposto, no seu caso, nas bases reguladoras de cada unha das convocatorias.*

#### **Artigo 4º.- Beneficiarios**

*1. Terán a consideración de beneficiario de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, domiciliadas ou actuantes no concello de Fene, que teñan que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se encontren na situación que lexitima a súa concesión. Excepcionalmente, cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderanse conceder subvencións a persoas ou entidades foráneas, ou non inscritas no rexistro municipal de asociacións. A argumentación deste interese acreditarase mediante achega dunha memoria ao efecto.*

*a) Poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan*



*levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou que se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.*

*b) Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos pola agrupación. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con potestades bastantes para cumprir as obrigas que como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación até que transcorrera o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.*

*2. Non poderán acceder á concesión de subvencións municipais as persoas nas que concorra algunha das circunstancias enumeradas no apartado 2 do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.*

#### **Artigo 5º.- Dereitos e obrigas dos beneficiarios**

*1. A persoa, entidade ou colectivo preceptor da subvención terá dereito a pedir e a obter en todo momento o apoio e colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona.*

*2. Os preceptores das subvencións están obrigados a :*

*a) Aceptar a subvención: No caso de que isto non sexa posíbel deberá renunciar a ela expresa e motivadamente, no prazo de quince días, contados a partir daquel en que reciban a notificación da concesión da subvención.*

*b) Realizar a actividade para a que fose concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.*

*c) Acreditar ante este Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condición que se determinaran na concesión da axuda.*

*d) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lles requiran.*

*e) Dar conta das modificacións que puidesen xurdir na realización do proxecto, xustificándooas adecuadamente.*

*f) Comunicar, tan axiña como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais.*

*g) Xustificar adecuadamente a subvención.*

*h) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou autorizar ao Concello para que faga esta comprobación.*

*i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

#### **Artigo 6º.- Entidades colaboradoras**

*1. Serán entidades colaboradoras aquelas que, actuando en nome e por conta do órgano concedente a todos os efectos relacionados coa subvención, entreguen e distribúan os fondos públicos aos beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colaboren na xestión da subvención sen que se produza a previa entrega e distribución dos fondos recibidos. Estes fondos, en ningún caso, se considerarán integrantes do seu patrimonio. Así mesmo, terán esta consideración os que sendo denominados beneficiarios conforme a normativa comunitaria teñan encomendadas, exclusivamente, as funcións enumeradas no parágrafo anterior. Ditas entidades deberán reunir as condicións de solvencia debidamente probadas, especificando as bases da convocatoria da subvención a documentación que a través da cal se acreditará a solvencia.*

2. *Formalizarase un convenio de colaboración coa entidade no que se regularán as condicións e obrigacións asumidas por esta. O convenio deberá conter como mínimo os extremos recollidos no art. 16 da Lei 38/2003 de 17 de novembro.*

**Artigo 7º.- Contía das subvencións**

1. *As subvencións previstas nas correspondentes convocatorias estarán debidamente consignadas nos orzamentos municipais.*

2. *No caso de convocatorias realizadas en réxime de concorrencia, poderanse estimar as solicitudes ás que fose outorgada maior valoración, sempre que se reúnan os requisitos determinados nestas normas e, no seu caso, nas bases da convocatoria, até que se extinga o crédito orzamentario.*

3. *O importe das subvencións reguladas na presente norma, en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras AAPP ou doutros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais, comunitarios ou internacionais, superen o orzamento do proxecto para o que se solicita.*

**TITULO II.- PROCEDEMENTO**

**CAPÍTULO I.- CONCESIÓN EN REXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA**

**Artigo 8º.- Convocatoria**

*O procedemento xeral para a concesión de subvencións iniciarase mediante a convocatoria aprobada polo órgano competente para a autorización do gasto e de conformidade coas bases reguladoras.*

**Artigo 9º.- Bases da convocatoria.**

1. *A convocatoria terá necesariamente o seguinte contido:*

a) *Indicación do acordo plenario polo que se aproba definitivamente a Ordenanza Municipal de Subvencións do Concello de Fene e o nº do Boletín Oficial da Provincia en que estea publicado.*

b) *Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñíbeis ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.*

c) *Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.*

d) *Expresión de que a concesión se efectúa mediante réxime de concorrencia competitiva.*

e) *No tocante á solicitude:*

- *Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.*
- *Prazo de presentación das solicitudes*
- *Documentos e informes que deben acompañar a petición.*
- *No seu caso, posibilidade de reformulación das solicitudes nos supostos de que o importe solicitado fose superior ao proposto polo órgano instructor.*

f) *Procedemento:*

- *Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.*
- *Prazo de resolución e notificación.*
- *Criterios de valoración das solicitudes.*
- *Medios de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no art.59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, LRXPAC.*

*As bases indicadas no parágrafo anterior serán redactadas polos responsábeis da xestión dos distintos programas orzamentarios e previamente á súa aprobación serán remitidas á Intervención Municipal para que emita o seu preceptivo informe de fiscalización.*

*As bases publicaranse no taboleiro de edictos do Concello e darase conta da súa publicación mediante anuncio na prensa, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, web <http://www.fenecidadan.net> ou circular informativa a tódalas entidades inscritas no rexistro municipal de asociacións.*

**Artigo 10º.- Presentación de solicitudes e prazos**

*As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria; sen prexuízo do que poidan establecer as bases da convocatoria, coa solicitude hase achegar a documentación que se especifica nos artigos seguintes.*

**Art.11- Documentación a achegar polas asociacións e outras entidades con personalidade xurídica.**

*A solicitude de subvención deberán acompañar a seguinte documentación:*

- a) *Memoria das actividades desenvolvidas pola entidade no ano anterior.*
- b) *Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita.*
- c) *Certificación acreditativa, declaración responsábel ou autorización para que o Concello obteña a certificación conforme a entidade non é debedora da Facenda Pública e está ao corrente das súas obrigas coa Seguridade Social.*
- d) *Acreditación, ou autorización para que o Concello a faga de oficio, de estar ao corrente de pagamento de todo tipo de obrigas fiscais co Concello.*
- e) *Datos da entidade bancaria a que se transferirá o importe da subvención que poida concederse consonte co Anexo 2º da O.M do 27/12/95, BOE 03/01/96*

**Artigo-12.- Remisión ao procedemento administrativo común.**

*A tramitación das solicitudes, emisión de informes que procedan, requirimentos, resolución, notificacións, recursos e cantos actos sexan precisos até chegar á finalización do procedemento axustarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.*

**Artigo13.- Instrución.**

1. *A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se designe na convocatoria e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.*
2. *As actividades de instrución comprenderán as sinaladas no art.24.3 da Lei 38/2003*
3. *Corresponderá a avaliación das solicitudes presentadas á comisión de valoración. A composición desta comisión será determinada nas bases da convocatoria, unicamente se existira que cumpran cos requisitos establecidos na Lei 30/92 para os organos colexiados. Unha vez avaliadas as solicitudes a comisión de valoración deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.*
4. *O órgano instrutor, a vista do expediente e do informe da comisión de valoración, formulará a proposta de resolución provisional, que deberá notificarse aos interesados na forma en que se estableza na convocatoria e concederese un prazo de dez días para presentar alegacións.*
5. *Examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva.*

**Artigo14- Resolución.**

*Será competente para resolver as solicitudes de subvención o órgano que o sexa para a disposición do gasto, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse. Aos efectos do previsto no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día en que remate o prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.*

*O acordo de resolución da subvención será notificado ao solicitante. No caso de concesión, expresarase a contía da subvención, forma de pagamento, condicións nas que se outorga e os medios de control que, no seu caso, se establezan.*

*Non se concederá subvención algunha mentres non se xustifiquen adecuadamente subvencións anteriores.*

**Artigo 15 -Pagamento da subvención.**

*O pagamento da subvención realizarase, previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos nas bases reguladoras da subvención.*

*Casos especiais:*

*Naqueles casos nos que as subvencións se concedan en atención a concorrencia dunha determinada situación no perceptor, non requirirán outra xustificación para que se proceda o pagamento que a acreditación por calquera medio admisíbel en dereito de dita situación previamente a concesión.*

*Cando a natureza da subvención así o xustifique e sempre que se contemple na convocatoria, poderán realizarse pagamentos a conta. Estes pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente a xustificación presentada.*

*Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo a xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención sempre que así se contemple nas bases reguladoras da convocatoria.*

*Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*Nos casos nos que se produza adiantamento de fondos, pola contía elevada da axuda ou pola complexidade do proxecto e se considere necesario, poderase esixir na convocatoria a constitución de avais ou fianzas que garantan o reintegro no caso de incumprimento. Estas garantías serán canceladas no momento de xustificar a subvención.*

## **CAPÍTULO II.- CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS**

### **Artigo- 16.- Concesión directa.**

*As subvencións contempladas no art.1.3.a , que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, formalizaranse previo convenio coa entidade beneficiaria no que, obrigatoriamente se establecerán as condicións e compromisos aplicábeis de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*Os convenios conterán como mínimo os seguintes extremos:*

- a) Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular das mesmas e coas razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.*
- b) Réxime xurídico aplicábel.*
- c) Beneficiarios e modalidade de axudas.*
- d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios.*

*Así mesmo, quedan exceptuadas do réxime de concorrencia as subvencións contempladas no art. 3.b axustándose ao seguinte procedemento para a súa concesión:*

- e) Presentación de solicitude no Rexistro de entrada municipal.*
- f) Memoria do departamento correspondente no que se xustifiquen as características económicas, sociais, concretas que impiden a tramitación conforme ao procedemento indicado no Cap.I deste título . No caso das chamadas "emerxencias sociais", esta memoria será substituída polos servizos de asuntos sociais, que deberán determinar os datos persoais, composición familiar, situación económico-laboral, situación da vivenda e o entorno social e outros datos de interese do/da solicitante, así como a valoración e interpretación destes datos.*
- g) Informe de fiscalización da intervención municipal.*

*Será competente para a sinatura dos convenios e para a concesión das subvencións directas o Alcalde ou Concelleiro no que delegue.*

No prazo de tres meses a contar dende a data da súa concesión, deberán xustificarse a aplicación dos fondos percibidos.

No tocante ao pagamento será de aplicación o establecido no Artigo13 da presente ordenanza.

### **TÍTULO III.- XUSTIFICACION DAS SUBVENCIONS**

#### **Artigo17.- Obrigación de xustificar**

Os beneficiarios preceptores destas subvencións con cargo ao Orzamento municipal, deberán xustificar, ante a alcaldía, en todo caso e, si é preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos. O prazo máximo de xustificación será tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade, salvo que nas bases da convocatoria se estableza outro prazo distinto de xustificación.

#### **Artigo18.- Considerase suficientemente xustificativa a seguinte documentación**

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos correntes xustificaranse mediante facturas orixinais de gastos ou fotocopias debidamente compulsadas. Naqueles supostos en que a natureza da actividade subvencionada e os gastos correntes que xere ou fagan aconsellábel, poderanse fixar outros medios de xustificación que acrediten, en todo caso, a realización de actividades obxecto de subvención e que deberán ser concretados nas bases da convocatoria.

b) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades de calquera natureza que xeren gastos de investimento, xustificaranse achegando a seguinte documentación:

- Adquisición de bens de equipo: factura orixinal ou fotocopia compulsada.
- Adquisición de bens inmóbeis: fotocopia compulsada de escritura pública e xustificantes de pagamento dos impostos correspondentes.
- Execucións de obras: certificación de obra subscrita polo técnico colexiado competente e relación valorada. Se as obras se executan pola administración a certificación da obra concretarase o importe de execución material, non obstante poderá ser substituída a mesma por facturas orixinais ou compulsadas expedidas polos distintos provedores. Se as obras se executan por contrata, a certificación de obra que poderá conter os gastos xerais, beneficio industrial e IVE, acompañarase factura orixinal ou compulsada expedida polo contratista.

- O beneficiario da subvención acompañará aos xustificantes declaración de ter cumprido o obxecto da subvención e relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas para idéntica finalidade ou, no seu caso, a declaración de non ser beneficiarios doutras subvencións públicas para a mesma finalidade.

#### **Artigo19 .- Informe Intervención Municipal**

A documentación relativa a xustificación da subvención remitirase á Intervención municipal para a súa fiscalización..

### **TÍTULO IV.- INFRACCIÓN E SANCIONS**

#### **Artigo 20.- Infraccións e responsábeis**

a) Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionábeis.

b) Serán responsábeis das infraccións administrativas en materia de subvencións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os colectivos de cidadáns e entes sen personalidade, que teñan a condición de beneficiarios de subvención.

#### **Artigo 21.- Procedemento sancionador.-**

O procedemento sancionador axustarase ao previsto no art. 54 a 58 e 66 a 69 da Lei Xeral de Subvencións.

Poderán impoñerse as sancións que se tipifican nos artigos 59 a 63 de dita Lei.

As infraccións e sancións prescribirán transcorridos os prazos que sinala o art.65 da Lei.

## **TÍTULO IV.- SUBVENCÍONS E AXUDAS NON ECONÓMICAS**

### **CAPÍTULO I.- SUBVENCÍONS EN ESPECIE**

#### **Artigo 22.- Réxime xurídico e procedemento de concesión**

1. *As entregas a título gratuíto de bens e dereitos hase rexer pola lexislación patrimonial.*
2. *Non obstante o anterior, será de aplicación esta ordenanza, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servizos adquiridos polo concello de Fene coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro.*

*En todo caso, a adquisición efectuada polo Concello para o fin sinalado someterase á normativa sobre contratación das administracións públicas.*

3. *As axudas desta natureza terán o mesmo réxime xurídico e estarán sometidas ao mesmo procedemento de concesión que as subvencións de carácter económico coas seguintes excepcións:*

*a) Na documentación que acompaña a solicitude de subvención non será necesario incorporar os datos bancarios do beneficiario.*

*b) A xustificación da subvención consistirá única e exclusivamente, na presentación, por parte do beneficiario, dunha declaración xurada que acredite que os medios materiais recibidos, foron destinados aos proxectos, accións, conductas ou situacións obxecto da subvención.*

*c) A consignación económica que o Concello debe prever anualmente no seu orzamento, terá como finalidade a adquisición dos medios materiais que constituísen o obxecto da subvención*

### **CAPÍTULO II.- PREMIOS**

#### **Artigo 23.- Concesión de premios**

*O réxime especial aplicábel ao outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza suxeitos á aplicación da LXS deberán axustarse ao contido desta ordenanza, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicábel.*

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

*A lei 38/2003, Xeral de Subvencións, aplicarase supletoriamente ao disposto nesta ordenanza.*

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local. “*

**Segundo.-** A exposición pública da Ordenanza no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días hábiles, comezando dito prazo dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

**Terceiro.-** En caso de non presentarse reclamacións entenderase aprobado definitivamente o presente acordo.”

Dáse conta do Informe de Intervención núm. 101/2007 de data 19 de Marzo de 2007.

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame co seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16) dos/das señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez gonzález, Pico Sanmartín, González Tomé, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández, Malvar Fernández, Fornos Corral, Amado López e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado por unanimidade o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Programación, Estatística e Patrimonio de data 23 de marzo de 2007 anteriormente transcrito.

**4º.- PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE SUBVENCÍONS PARA FAVORECER A PREVENCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS E FAMILIAS, CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2007.-**

Dáse conta da proposta da Comisión Informativa de Servizos sociais, Sanidade, Muller e Consumo de data 22 de Marzo de 2007 que transcrita di:

**AO PLENO DA CORPORACIÓN**

Manuela Real Rego, secretaria da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo,

**CERTIFICO:**

Que a Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo, en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de marzo de 2007 adoptou o seguinte dictame que transcrito di:

**“PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE SUBVENCÍONS PARA FAVORECER A PREVENCIÓN E A INTEGRACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS E FAMILIAS, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2007.**

Vista a proposta de bases que regularán o Programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias correspondente ao exercicio 2007, emitidas polas traballadoras sociais Dna. María Teresa Gayet Ferreira e Dna. Sonia Fresco Torrente en data de 5 de marzo de 2007.

Visto o informe emitido pola interventora municipal Dna. Águeda Bello Valdés con data de 16 de marzo de 2007, que transcrito di:

**“INFORME DE INTERVENCIÓN NUM. 96/07**

**Asunto: Fiscalización das bases da convocatoria do programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias.**

**D. Águeda Bello Valdés** interventora do Concello de Fene, ao abeiro do establecido no artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL) con carácter previo a aprobación das bases do programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias ten a ben emitir o seguinte

## INFORME

### I) ANTECEDENTES.

Fiscalizanse as bases do programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias.

### II) LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Ley 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de subvencións.
- Ley 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local
- Bases de execución do orzamento municipal.

### III) CONTIDO.

#### A) Con carácter xeral comprobouse:

**a.** Existencia de crédito adecuado e suficiente: Según se dispón en nos artigos 167 e 172 TRLFL e nos artigos 24 e seguintes do RD 500/1990, os créditos orzamentarios para gastos só poden destinarse a finalidade específica para a cal foron autorizados no orzamento, finalidade que se determina pola clasificación funcional e a clasificación económica pola que se define a partida orzamentaria. Existe crédito suficiente e adecuado ao que imputalo gasto na partida 313.480 do orzamento prorrogado por importe de 39.100 euros.

**b.** Competencia do órgano: o artigo 17 da LXS dispón que as bases deberán aprobarse no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou a través dunha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións. Este mandato legal esixe dous presupostos imperativos:

- i. a) a constancia, no seu aspecto económico, nas bases de execución do orzamento da Corporación Local.
- ii. b) a existencia dunha ordenanza xeral ou específica para cada tipo ou modalidade de subvención.

O Alcalde non pode aprobar unhas bases reguladoras de concesión de subvencións despois da entrada en vigor da ley 38/2003, elo porque no artigo 17.2 de dito corpo legal atribúelle expresamente o Pleno a competencia para a aprobación das bases reguladoras das subvencións. Competencia que encuadrase na cláusula q) do art. 22 da lei 7/85, de 2 de abril, que atribúe ao Pleno, ademais das competencias concretamente numeradas nel, as demais que expresamente lle confiran as leis.

**c.** Executividade dos recursos que financian o gasto, financiase exclusivamente con recursos propios.

#### B) Outros extremos adicionais:

**a.** O proxecto, acción ou conducta a financiar ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social, en base o establecido no artigo 2.1.c) da Lei Xeral de Subvencións.

**b.** A norma reguladora das bases da concesión ten o contido mínimo do artigo 23 da Lei Xeral de Subvencións.

### IV) CONCLUSIÓNS.



**Fiscalízase favorablemente** as bases da convocatoria do programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias. Este é o meu informe sin perxuício de calquera outro mellor fundado en dereito”.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa municipal de subvencións para favorecer a prevención e a integración social das persoas e familias correspondentes ao exercicio 2007, que se transcriben como Anexo.

**Segundo.-** Expoñer ao público as mesmas mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincial e no taboeiro de anuncios do Concello de Fene, por un prazo de trinta días para que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen, e que deberán ser resoltas pola Corporación. De non se producir, as bases consideraranse aprobadas definitivamente.

**Terceiro.-** Aprobar o gasto por importe de trinta e nove mil cen euros (39.100,00 euros) con cargo á partida do orzamento prorrogado 313.480.

## ANEXO

<p style="text-align: center;"><b>BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE SUBVENCIÓNS PARA FAVORECER A PREVENCIÓN E A INTEGRACIÓN SOCIAL DAS PERSOAS E FAMILIAS</b> <b>Exercicio 2007</b></p>
--

### I) OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O Obxecto das presentes bases é regular o programa de subvencións económicas, por parte dos servizos sociais do Concello, destinadas ás persoas e/ou familias do termo municipal de Fene que se atopen en situación de necesidade económica e/o social tendo por finalidade última a mellora da calidade de vida.

### II) DEFINICIÓN DO PROGRAMA:

1)- Son axudas económicas de pagamento único. Teñen carácter finalista e son incompatibles con calquera outra prestación pública que lle puidese corresponder ao beneficiario/a para a mesma finalidade.

A estes efectos, e de conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da Lei Xeral de Subvencións, unha das obrigas do beneficiario é comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada os fondos percibidos.

Non obstante poden ser complementarias, nos casos nos que se considere oportuno, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida no informe social.

A convocatoria abrangue varias modalidades de subvencións económicas diferenciadas segundo a finalidade das mesmas, a saber:

A) Subvencións económicas destinadas á prevención, inserción e apoio ás familias.

- B) Subvencións económicas destinadas á atención ao menor e menor con discapacidade.
- C) Subvencións económicas destinadas ao tratamento e reinserción social de drogodependentes.
- D) Subvencións económicas destinadas ao pago de Taxas Municipais (auga, saneamento e lixo).

Nunha mesma solicitude, poderase presentar un máximo de dúas tipoloxías distintas nas modalidades de subvencións económicas A), B) e C).

2)- Poderase cursar unha segunda solicitude nas seguintes circunstancias:

- a) Cando concorran criterios socioeconómicos obxectivos valorados a criterio técnico tales como:
  - Desamparo o precariedade económica posterior á primeira solicitude.
  - Urgencia na necesidade.
  - Infortunio familiar.
  - Etc.

b) No caso de solicitar a tipoloxía de “gasto de escolarización: adquisición de libros (diccionarios, lectura, etc.) e material escolar” contida na modalidade B) de subvencións económicas. Esta excepción débese a que subvencionarase o curso escolar 2007-2008 non podéndose solicitar esta axuda antes do inicio deste curso.

### **III) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E PRAZO DE SOLICITUDES:**

As bases reguladoras da presente convocatoria se publicarán no Boletín Oficial da Provincia.

Ademais se dará publicidade da apertura do período de presentación de solicitude de subvención mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na paxina web do Concello ([www.fenecidadan.net](http://www.fenecidadan.net)).

### **IV) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

A convocatoria abrirase o día seguinte da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e cerrarse o 10 de novembro de 2007.

### **V) CONDICIONS XERAIS DE ACCESO AO PROGRAMA:**

- Ser maior de idade ou menor legalmente emancipado.
- Estar empadroad/a no Concello de Fene e con residencia efectiva no mesmo cunha antigüidade mínima de 3 meses inmediatamente consecutivos á data da solicitude. Se valorarán casos de especial gravidade que non cumpran este requisito.
- Non ter sido beneficiario/a de axudas ao abeiro desta mesma convocatoria no decurso do mesmo exercicio económico ou doutras convocatorias de organismos supramunicipais para o mesmo concepto, agás circunstancias de especial gravidade que se valorarán e recollidos no apartado II 2. a) das presentes bases.
- Non ser, o/a solicitante ou calquera membro da unidade familiar, propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación, indiquen de xeito notorio a existencia de medios materiais suficientes para atender ao gasto obxecto da solicitude, agás a propiedade

referente á vivenda destinada ao uso propio sempre que a súa valoración catastral non supere 10 anualidades do Salario Mínimo Interprofesional Vixente para cada ano, sendo para o presente exercicio 2007 o límite de 79.884 €.

- Non figurar, o/a solicitante nin outro membro da unidade familiar, como titular de industria, comercio ou calquera outro negocio con persoal asalariado.
- Non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no art. 13 e 3 da Lei xeral de subvencións (BOE. nº 276 de 18/11/2003).
- Cumprir cos requisitos económicos que se estipulan en cada unha das modalidades de subvencións recollidas nesta bases.
- Cumprir as condicións específicas de acceso de cada unha das modalidades de subvención recollidas nesta bases.

O Órgano Colexiado poderá valorar con carácter excepcional a aquelas solicitudes que, non cumprindo algún dos requisitos ou condicións esixidas nas bases, presenten, ao seu xuízo, circunstancias persoais, familiares ou socioeconómicas de especial gravidade que lle fagan precisar o beneficio regulado nas presentes bases, previo informe favorábel do departamento de servizos sociais.

#### **VI) LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

As solicitudes deberanse presentar no Rexistro Xeral de entrada do Concello de Fene, ou ben por calquera forma das recollidas no artigo 38 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento Administrativo Común.

#### **VII) DOCUMENTACIÓN A APORTAR:**

A solicitude deberá cursarse debidamente cumprimentada e asinada polo/a solicitante no impreso oficial( que figura no anexo I das presentes bases) e adxuntar con ela a documentación debida. As fotocopias deberán presentarse compulsadas e a compulsas poderase realizar no rexistro xeral do Concello de Fene.

Documentación que deberá acompañar a solicitude:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia do libro familia e/o título fam. nº., no seu caso
- Fotocopia da sentenza de divorcio ou convenio regulador, no seu caso.
- Fotocopia da última Declaración da Renda ou, no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da Administración de Facenda cos datos fiscais de todos/as os/as convivintes maiores de 18 anos.
- Fotocopia dos 6 últimos recibos de alugamento ou amortización da vivenda, no seu caso.
- Fotocopia do recibo de contribución para vivendas en propiedade.
- Xustificantes económicos de todos/as os/as membros/as da unidade de convivencia maiores de 18 anos e referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións, certificados de vida laboral, certificados do Inem, etc.
- Declaración xurada de ingresos irregulares no modelo que se achega xunto ó modelo de solicitude.
- Certificado/s das contas bancarias que se posúan por tódolos membros da unidade familiar e referidos ó saldo existente a 31 de decembro de 2006.
- Certificado do servizo ou recurso para o que se solicite a subvención.
- Orzamentos do gasto que se solicita.

- Declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no art. 13 da lei xeral de subvencións (BOE. nº 276 de 18/11/2003), ( modelo anexo).
- Declaración xurada de non ter solicitado nin percibido ningunha axuda que cubra os mesmos conceptos para os que se solicita a subvención.

Aquela/s solicitude/s na/s que se observen a falla de documentación necesaria para a súa valoración, será requirida por escrito ao interesado/a para que, no prazo máximo de 10 días dende a recepción da comunicación, presente a documentación solicitada indicándoselle que, de non presentala, se lle terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que debера ser dictada nos termos previstos no art. 71 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

Documentación solicitada de oficio polo Departamento de Servizos Sociais ao Concello:

- Certificado Municipal de Rústica, Urbana, e I.V.T.M. de todos os membros da unidade familia maiores de 18 anos.
- Certificado de existencia ou non de débedas co Concello de todos/as os/as membros da unidade familia maiores de 18 anos.
- Volante de empadramento e convivencia con indicación do tempo de residencia no Concello de Fene.
- No caso de contradicción nos datos sobre propiedades, situación económica e nivel de vida, solicitarase informe de signos externos de riqueza.

#### **VIII) ORZAMENTO DESTINADO AO PROGRAMA:**

Existe consignación orzamentaria para este programa pola partida nº 313.480. por un importe de 39.100€.

#### **IX) PROCEDEMIENTO DE VALORACIÓN, RESOLUCIÓN E RECLAMACIÓN DE SOLICITUDES :**

##### **A) Valoración das solicitudes:**

As instructoras do programa que regula as presentes bases son as traballadoras sociais do departamento de Servizos Sociais Municipais: Dona. Sona Fresco Torrente e Dona M<sup>a</sup> Teresa Gayet Ferreira.

A demanda formularase en entrevista coa traballadora social que corresponda segundo zona de residencia do/a solicitante. Dentro desta fase de instrución realizarase unha prefase de avaliación na que se verificará o cumprimento das condicións establecidas nas presentes bases para obter a condición de beneficiario/a. Desta pre-avaliación, o instructor elaborará un informe preceptivo no que fará constar que, segundo información que obra no seu poder, as/os solicitantes cumpren ou non cumpren os requisitos para ser beneficiarios/as da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, esta deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada

A instructora, a vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, formulará proposta de Resolución.

A proposta de resolución remitirase por parte do órgano instructor para que resolva a concesión da subvención o Alcalde ou, no seu caso, a Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano competente para que resolva a concesión da subvención

### **B) Resolución das solicitudes**

A aprobación da proposta de resolución por parte do Alcalde/Xunta de Goberno Local, en canto resolve o procedemento de concesión da subvención, é definitiva na vía administrativa, será motivada debendo quedar acreditados no procedemento os fundamentos e deberá conter o/a solicitante ou a relación de solicitantes os/as que se concede a subvención, constando de forma expresa a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo da Alcaldía/Xunta de Goberno Local resolvendo o procedemento notificarase os/as interesados/as no lugar por eles indicado para este fin.

### **C) Publicidade das subvencións concedidas.**

Realizarase de conformidade co disposto no artigo 18.3 d) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que non se dará publicidade das subvencións individuais que se concedan ao abeiro das presentes bases.

### **D) Prazo para resolver e efectos do silencio.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder máis de tres meses dende a data de presentación da solicitude no Rexistro de Entrada do Concello, ou a través de calesqueira outras formas de presentación previstas no artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O transcurso do prazo máximo sen que se notifique a resolución do procedemento os/as interesados/as, lexitima a estos/as a entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Nos casos que se consideren de urxente necesidade (alimentación e vivenda), para acelerar a xestión das axudas, resolveranse por decreto de alcaldía sen a convocatoria do órgano colexiado para proceder, así, de forma automática ó seu pagamento

Será prioritaria a resolución favorábel das axudas destinadas á cobertura das necesidades básicas, entendidas como tales as que van destinadas a cubrir gastos derivados de alimentación, vivenda e outros de acordo cos criterios técnicos do equipo de servizos sociais.

Para tal fin se utilizarán os criterios de prioridade que a continuación se sinalan, podendo quedar pendentes ou en lista de espera aquelas outras subvencións que non sexan consideradas urxentes ou prioritarias.

Os criterios de prioridade a valorar para a concesión das subvencións, sen prioridade na orde, son os seguintes:

- Carencia total de recursos económicos na unidade familiar ou que estes sexan insuficientes para a cobertura das necesidades primarias.
- Situación de desemprego na unidade familiar.
- Familias con ingresos irregulares e/ou insuficientes.

- Familias monoparentais.
- Maior número de fillos/as.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero sen protección económica, ou que esta sexa moi limitada.
- Situación de desprotección social.
- Casos urxentes, infortunios familiares e situacións de alarma social.
- Outros a valorar.

A concesión das axudas estará sempre supeditada á existencia de consignación orzamentaria, por tanto poderanse desestimar por este motivo as peticións que cumpran inicialmente todos os requisitos pero que non se consideren prioritarias.

#### **E) Composición do órgano colexiado.**

O órgano esta composto por:

- Dona Rita M<sup>a</sup> Couto Seijido, quen actuara como presidenta.
- Dona M<sup>a</sup> Teresa Gayet Ferreira, Dona. Sonia Fresco Torrente e Dona Manuela Real Rego como equipo técnico do Departamento de Servizos Sociais; todos/as eles/as actuaran como vocais.
- Dona Manuel Real Rego que actuará como secretaria.

#### **X) PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS:**

O pagamento das subvencións realizarase na conta bancaria indicada polo/as beneficiarios/as no momento da solicitude.

O pagamento da/s axuda/s poderá levarse a cabo nunha das seguintes modalidades:

1º) – O pago das subvencións abonarase na conta bancaria do/a beneficiario/a unha vez aporte, no prazo máximo de 2 meses dende que recibe a notificación de concesión, as facturas xustificativas por importe igual ou superior a, segundo corresponda, á contía concedida ou ao orzamento subvencionado.

2º) – O pago das subvencións realizarase, previa acreditación dos requisitos que sexan esixidos para a súa concesión, conforme co establecido no último parágrafo do artigo XI das presentes bases a saber: “Neste caso concreto, existen subvencións que son outorgadas en atención á concorrencia dunha determinada situación de necesidade no/a perceptor/a e que non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admitido en dereito de dita situación previamente á concesión”.

3º)- O pago das subvencións realizarase integramente polo 100% do importe concedido esixíndose posteriormente a xustificación debendo aportar, no prazo máximo de 15 días dende a recepción da notificación, as facturas xustificativas do concepto subvencionado por importe igual ou superior, segundo corresponda, á contía concedida ou ao orzamento subvencionado.

A modalidade de pago das subvencións e os prazos correspondentes serán recollidos no informe técnico emitido polas traballadoras sociais e posteriormente aprobada polo órgano colexiado.

#### **XI) MEDIDAS DE GARANTIA NO ANTICIPO DO PAGO.**

Con carácter previo ao pago anticipado das subvencións, requirirase que o/a beneficiario/a presente aval bancario polos importes que se van a anticipar.

Non obstante, a presentación da garantía establecida anteriormente non será precisa no caso de subvencións por importe inferior a 3.000 euros.

#### **XII) XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

a) Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación variará segundo as modalidades de pago recollidas no artigo IX) da presentes bases respetándose os prazos establecidos no mesmo.

b) Forma de xustificación.

O/A beneficiario/a presentará a conta xustificativa da subvención no modelo de impreso recollido no Anexo II que deberá acompañar cos xustificantes correspondentes.

Todos os documentos acreditativos dos gastos da actividade subvencionada deberán corresponder ao ano natural en curso.

Os gastos xustificaranse con facturas conforme o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación aprobado RD 1496/2003, de 28 de novembro.

Neste caso concreto, existen subvencións que son outorgadas en atención a concorrencia dunha determinada situación de necesidade no/a perceptor/a, e non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admitido en dereito de dita situación previamente a concesión.

#### **XIII) CAUSAS DE REINTEGRO.**

Procederase o reintegro das cantidades percibidas en concepto de subvención xunto cos intereses de demora dende o momento do pago, nos supostos de invalidez da concesión da subvención previstos no artigo 36 da Lei de Subvencións e nos seguintes:

- Incumprimento da obriga no prazo establecido
- Obtención da subvención sen reunir os requisitos establecidos.
- Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- Negativa por parte do/a beneficiario/a ás actuacións de control establecidas por parte do Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

As cantidades a percibir polos reintegros terán a categoría de ingresos de dereito público, resultando de aplicación tanto os intereses de demora como o procedemento de cobro pola vía de apremio, con independencia das responsabilidades que tiveran lugar.

Cando o importe xustificado polo/a interesado/a, con motivo da rendición da conta xustificativa de gastos, sexa inferior á cantidade concedida, o Concello poderá minorar o

importe da subvención esixindo, no seu caso, o reintegro das cantidades indebidamente percibidas.

#### **XIV) MODALIDADES DE SUBVENCÍONS:**

##### **A) SUBVENCÍONS DESTINADAS Á PREVENCIÓN, INSERCIÓN E APOIO ÁS FAMILIAS.**

###### **1) Finalidade das subvencións:**

A finalidade é a concesión de axudas económicas a aquelas persoas e/ou familias en situación económica e/ou social desfavorábel e que se destinarán á cobertura das necesidades básicas e/ou de urxente necesidade.

###### **2.) Tipoloxía das axudas e contías máximas subvencionábeis:**

A táboa de máximos subvencionabeis corresponde a contía máxima sobre a que se aplicará a porcentaxe de subvención correspondente para cada solicitude segundo os ingresos dos que dispoña e atendendo ás táboas de ingresos máximos.

No caso en que a subvención solicitada sexa de contía inferior á recollida nesta táboa, aplicarase a porcentaxe de subvención sobre a contía do presuposto aportado.

En cada solicitude so poderán ser subvencionados 2 conceptos dos sinalados a continuación:

<b>Tipoloxía das axudas</b>	<b>Máxima contía a subvencionar</b>
- Necesidades primarias: alimentación e outras básicas. Límite por persoa	<b>900 euros</b> <b>300 euros</b>
- Roupa básica para persoa e/ou para vivenda. - Límite por persoa	<b>400 euros</b> <b>120 euros</b>
- Electrodomésticos de 1ª necesidade.	<b>400 euros</b>
- Mobiliario e equipamento básico para a vivenda.	<b>700 euros</b>
- Habitabilidade da vivenda: pequenas reparacións domésticas.	<b>700 euros</b>
- Pago de alugueiros e outros gastos da vivenda: ata un máximo de 3 mensualidades.	<b>750 euros</b>
- Eliminación de barreiras da comunicación, axudas técnicas, próteses dentais, auditivas, gafas, instalación do teléfono, etc.,	<b>600 euros</b>
- Eliminación de barreiras arquitectónicas.	<b>1.000 euros</b>
- Adaptación funcional do fogar para persoas con discapacidade e persoas maiores.	<b>700 euros</b>
- Asistencia a talleres ocupacionais e/ou outros servizos especializados.	<b>300 euros</b>
- Desprazamento a Centros e Servizos Especializados.	<b>400 euros</b>



- Gastos médicos non cubertos polo sistema público de saúde e derivados de enfermidades graves. Gastos farmacéuticos.	<b>400 euros</b>
- Outras non recollidas na presente tipoloxía, a xustificar.	<b>300 euros</b>

### 3.) Requisitos de acceso específicos a esta modalidade de subvención:

A maiores do cumprimento do apartado V) das presentes bases reguladoras que trata sobre as condicións xerais de acceso a este programa municipal, para solicitar esta modalidade de subvención, os/as solicitantes deberán cumprimentar os seguintes requisitos:

a)- Non dispoñer de máis de un vehículo (coche) na unidade familiar calquera que sexa o seu titular.

b)- Que exista a necesidade obxectiva e real do solicitado, xustificada documentalmente.

c)- Que o/a cabeza de familia en situación de desemprego sexa dado/a de alta no Inem como demandante de emprego.

d)- Que se cumpran todos os requisitos económicos recollidos no apartado seguinte.

### 4.) Requisitos económicos a cumprir para acceso a esta modalidade de subvención:

a) Táboa de ingresos máximos:

A contía das subvencións establecerase en función do cómputo dos ingresos de cada un dos membros da unidade familiar de convivencia, do número de membros da mesma e da tipoloxía das axudas solicitadas.

Número membros unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos	Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar
<b>1 persoa.</b>	90 % do S.M.I. vixente: 513,54 €/mes	Inferior ou igual ao 50 % do SMI: 285,30 €/mes.	100 %
		Maior do 50 e até ao 60 % do SMI: de 285,3 a 342,36 €/mes.	85 %
		Maior do 60 e até ao 70 % do SMI: de 342,36 a 399,32 €/mes.	75 %
		Maior do 70 e até ao 80 % do SMI: de 399,32 a 456,48 €/mes.	65 %
		Maior do 80 e até ao 90 % do SMI: de 456,48 a 513,54 €/mes.	50 %
<b>2 persoas.</b>	110 % do SMI vixente: 627,66 €/mes	Inferior ou igual ao 70 % do SMI: 399,42 €/mes.	100 %
		Maior do 70 e até ao 80 % do SMI: de 399,42 a 456,48 €/mes.	85 %
		Maior do 80 e até ao 90 % do SMI: de 456,48 a 513,54 €/mes.	75 %
		Maior do 90 e até ao 100 % do SMI: de 513,54 a 570,60 €/mes.	65 %

		Maior do 100 e até ao 110 % do SMI: de 570,60 a 627,66 €/mes.	50 %
<b>3 ou máis persoas.</b>	Até ao 130 % SMI vixente: 741,78 €/mes	Inferior ou igual ao 90 % do SMI: 513,54 €/mes.	100 %
		Maior do 90 e até ao 100 % do SMI: de 513,54 a 570,60 €/mes.	85 %
		Maior do 100 e até ao 110 % do SMI: de 570,60 a 627,66 €/mes.	75 %
		Maior do 110 e até ao 120 %: de 627,66 a 684,72 €/mes.	65 %
		Maior do 120 e até ao 130 %: de 684,72 a 741,78 €/mes.	50%

b)- Ingresos familiares:

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade familiar de convivencia, teñan ou non relación de parentesco entre si, e procedentes de retribucións, pensións, subsidios, prestacións, salarios ou rendas regulares e/ou irregulares de calquera natureza.

Terase en conta os ingresos líquidos, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e seguridade social.

Para obter a contía dos ingresos anuais sumarase o conxunto de ingresos líquidos obtidos nos 6 últimos meses anteriores á data da solicitude multiplicandoos por 2 para obter o conxunto dos ingresos anuais. Desta contía descontarase os gastos derivados do pago do alugueiro e/ou amortización da vivenda, segundo corresponda. E, a contía resultante, dividirase entre 14 para obter os ingresos mensuais.

Todas aquelas familias que, superando a contía establecida, aleguen especiais dificultades derivadas de situación de enfermidade, de ser familia numerosa ou terse producido un parto múltiple no derradeiro ano, de gastos extraordinarios por diversos motivos, de producirse infortunios familiares, etc., teranse en consideración estas circunstancias, podendo ser concedida un subvención con carácter extraordinario na contía que se determine.

c)- Capital mobiliario:

Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen as 4.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomarase o saldo medio do 2006 recollido na certificación bancaria a 31/12/2006).

Todas aquelas familias que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse destas axudas, agás casos de especial gravidade que se valorarán.

**B) AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS Á ATENCIÓN AO MENOR E MENOR CON DISCAPACIDADE.**

**1.) Definición e Finalidade:**

Estas subvencións consisten en cubrir os gastos derivados da atención e coidado dos menores, con o sen discapacidade. Van destinadas ás familias con menores a cargo e que teñan dificultades económicas e/ou sociais para acceder aos recursos e/ou servizos necesarios cara a unha axeitada protección social dos/as menores.

**2.) Tipoloxía de axudas e contía máxima subvencionabel:**

En cada solicitude so poderán ser subvencionados 2 conceptos dos sinalados a continuación:

<b>Tipoloxía da Axuda</b>	<b>Máxima contía a subvencionar</b>
Gastos básicos: roupa, calzado, gafas, gastos odontolóxicos e outros debidamente xustificados. Límite por menor.	<b>500 €</b> <b>180 €</b>
Gastos por nacemento dun/ha fillo/a. Comedor escolar.	<b>700 €</b> <b>600 €</b>
Gasto de escolarización: adquisición de libros (diccionarios, lectura, etc.) e material escolar: Límite por menor: -Educación Infantil e cursos con gratuidade de libros -Cursos de Educ. Secundaria sen gratuidade de libros	<b>200 €</b> <b>60 €/menor</b> <b>200 €/menor</b>
Tratamentos especializados.	<b>660 €</b>
Transporte a centros escolares e servizos especializados.	<b>400 €</b>
Talleres Ocupacionais ou Centros especiais para menores con discapacidade.	<b>400 €</b>
Apoio técnico	<b>550 €</b>
Axudas de Integración destinadas a previr e/o favorecer a permanencia do/a menor na súa familia cando: - Exista unha demanda directa ou indirecta de internamento en Centros de Menores. - Os/as menores regresan á familia logo dun proceso de internamento en Centros de Menores.	<b>1.200 €</b>
Gastos por enfermidade grave do/a menor	<b>400 €</b>
Outros, a determinar	<b>400 €</b>

Na tipoloxía da subvención por “gastos por nacemento de fillos/as” so poderá concederse no primeiro ano de vida do/a menor e é incompatible coa tipoloxía de “gastos básico”.

Na tipoloxía da subvención por “gastos de escolarización”, diferéncianse as seguintes situacións:

a) Menores escolarizados/as nos cursos escolares non cubertos pola gratuidade de libros de texto a través da Xunta de Galiza:

Cubriranse os costes derivados da adquisición de libros e material escolar atendendo ao seguinte: -Para os cursos de Educación Infantil: un máximo de 60 euros.

-Para os cursos de Educación Secundaria: un máximo de 200 euros.

b) Menores escolarizados/as nos cursos escolares cubertos pola gratuidade de libros de texto a través da Xunta de Galiza:

Cubriranse os costes derivados da adquisición de material escolar e libros complementarios non cubertos pola gratuidade, a saber, diccionarios, atlas, libros de lectura, etc., até un máximo de 60 € por alumno/a independentemente do curso que realice.

En todos os casos subvencionarase o 100 % da contía máxima indicada ou gastos realizados, sempre que se presente previamente a factura xustificativa da adquisición dos conceptos subvencionados.

### 3) Requisitos de acceso específicos a esta modalidade de subvención:

A maiores do cumprimento do apartado V) das presentes bases reguladoras que trata sobre as condicións xerais de acceso a este programa municipal, para solicitar esta modalidade de subvención, os/as solicitantes deberán cumprimentar os seguintes requisitos:

a)- Familias con fillos e fillas menores de 18 anos ou aqueles que padezan algunha discapacidade recoñecida oficialmente con idades iguais ou inferiores a 20 anos.

b)- Non dispor de mais dun vehículo (coche) na unidade familiar calquera que sexa o seu titular.

c)-Que exista a necesidade obxectiva e real do solicitado, xustificada documentalmente. Para solicitar a subvención de “gastos de escolarización” a/o solicitante debera realizar a solicitude posteriormente ao inicio do curso escolar e debera axuntar, xunto á solicitude, a relación, emitida polo centro escolar onde se curso os estudos, dos libros e material escolar que deberan comprar e a/s factura/s do gasto correspondente.

d)- Que os/as menores esten escolarizados nalgún dos centros de ensinanza emprazados no termo municipal de Fene, no caso de solicitar a subvención de “gastos de escolarización”.

e)- Que o/a cabeza de familia en situación de desemprego este de alta no Inem como demandante de emprego.

f)- Que se cumpran todos os requisitos económicos recollidos no apartado seguinte.

### 4) Requisitos económicos a cumprir para acceso a esta modalidade de subvención:

a) Táboa de ingresos máximos:

A contía das subvencións establecerase en función do computo dos ingresos de cada un dos membros da unidade familiar de convivencia, do número de membros da mesma e da tipoloxía das axudas solicitadas.

Número membros unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos	Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar
2 persoas .	175 % do S.M.I. vixente: 998,55 €/mes	Inferior ou igual ao 85 % do SMI: 485,01 €/mes.	100 %
		Maior do 85 e até ao 100 % do SMI: de 485,01 a 570,60 €/mes.	75 %
		Maior do 100 e até ao 125 % do SMI: de 570,60 a 713,25 €/mes.	50%
		Maior do 125 e até ao 150 % do SMI: de 713,25 a 855,9 €/mes.	25 %

		Maior do 150 e até ao 175 % do SMI: de 855,9 a 998,55 €/mes.	15 %
<b>3 persoas.</b>	2 veces o SMI vixente: 1.141,20 €/mes	Inferior ou igual ao 100 % do SMI: 570,60 €/mes.	100 %
		Maior do 100 e até ao 125 % do SMI: de 570,60 a 713,25 €/mes.	75 %
		Maior do 125 e até ao 150 % do SMI: de 713,25 a 855,9 €/mes.	50 %
		Maior do 150 e até ao 175 % do SMI: de 855,9 a 998,55 €/mes.	25 %
		Maior do 175 e até 2 veces o SMI: de 998,55 a 1141,20 €/mes.	15 %
<b>4 ou máis persoas.</b>	Até o 2,25 veces do SMI 1285,85 €/mes	Inferior ou igual ao 125 % do SMI: 713,25 €/mes.	100 %
		Maior do 125 e até ao 150 % do SMI: de 713,25 a 855,9 €/mes.	75 %
		Maior do 150 e até ao 175 % do SMI: de 855,9 a 998,55 €/mes.	50 %
		Maior do 175 e até ao 200 % do SMI: de 998,55 a 1141,2 €/mes.	25 %
		Maior de 2 veces o SMI e até o 2,25 o SMI: de 1141,2 €/mes.	15 %

b)- Ingresos familiares:

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade familiar de convivencia, teñan ou non relación de parentesco entre si, e procedentes de retribucións, pensións, subsidios, prestacións, salarios ou rendas regulares e/ou irregulares de calquera natureza.

Terase en conta os ingresos líquidos, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e seguridade social.

Para obter a contía dos ingresos anuais sumarase o conxunto de ingresos líquidos obtidos nos 6 últimos meses anteriores á data da solicitude multiplicandoos por 2 para obter o conxunto dos ingresos anuais. Desta contía descontarase os gastos derivados do pago do alugueiro e/ou amortización da vivenda, segundo corresponda. E, a contía resultante dividirase entre 14 para obter os ingresos mensuais.

Todas aquelas familias que, superando a contía establecida, aleguen especiais dificultades derivadas de situación de enfermidade, de ser familia numerosa ou terse producido un parto múltiple no derradeiro ano, de gastos extraordinarios por diversos motivos, de producirse infortunios familiares, etc., teranse en consideración estas circunstancias, podendo ser concedida un subvención con carácter extraordinario na contía que se determine

c)- Capital mobiliario:

Entenderase medios económicos suficientes no que se refire a capital mobiliario os que superen os 4.000 € en contas de aforro ou investimento. Aquelas familias ou persoas

solicitantes que superen ou igualen esta contía non poderán beneficiarse desta modalidade de subvención.

### **C) SUBVENCÍONS PARA TRATAMENTO E REINSERCIÓN DE DROGODEPENDENTES:**

#### **1) Finalidade das subvencións:**

A finalidade última desta modalidade de subvención é favorecer o tratamento e reinserción social das persoas que sufran dependencia de substancias legais e/ou ilegais. Para elo contéplanse distintas subvencións económicas destinadas a cubrir os gastos derivados das distintas fases do tratamento e do proceso de reinserción social.

#### **2) Tipoloxía e contía das subvencións:**

<b>Tipoloxía da Axuda</b>	<b>Máxima contía a subvencionar</b>
Internamento en centro e/o comunidade terapéutica. Límite mensual:	1.200 € 150 €
Desprazamento a centro de tratamento, comunidade terapéutica e/o outros recursos. Límite mensual:	600 € 100 €
Útiles persoais para internamento nun centro e/o comunidade terapéutica	150 €
Gastos derivados do proceso de reinserción social. Límite mensual:	360 € 60 €
Necesidades primarias.	300 €

En ningún caso o total da axuda concedida para o/a beneficiario/a poderá exceder os 1.200 € anuais.

#### **3) Requisitos de acceso específicos a esta modalidade de subvención:**

A maiores do cumprimento do apartado V) das presentes bases reguladoras que trata sobre as condicións xerais de acceso a este programa municipal, para solicitar esta modalidade de subvención, os/as solicitantes deberán cumprimentar os seguintes requisitos:

a)- Non dispoñer de máis de un vehículo (coche) na unidade familiar calquera que sexa o seu titular.

b)- Que exista a necesidade obxectiva e real do solicitado, xustificada documentalmente con informes do centro de tratamento, comunidade terapéutica, etc, segundo o caso.

c)- Cumprimentar o Programa de inserción persoal e/ou familiar do/a solicitante, elaborado consensuadamente intre o/a interesado/a e a técnica do departamento de Servizos sociais municipais responsable do mesmo.

e)- Que se cumpran todos os requisitos económicos recollidos no apartado seguinte.

#### **4) Requisitos económicos a cumprir para acceso a esta modalidade de**

**subvención:**

a) Táboa de ingresos máximos:

A contía das subvencións establecerase en función do computo dos ingresos de cada un dos membros da unidade familiar de convivencia, do número de membros da mesma e da tipoloxía das axudas solicitadas.

Número membros unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos	Porcentaxe da subvención en función da contía máxima a subvencionar
<b>1 persoa</b>	90 % do S.M.I. vixente: 513,54 €/mes	Inferior ou igual ao 50 % do SMI: 285,30 €/mes.	100 %
		Maior do 50 e até ao 60 % do SMI: de 285,3 a 342,36 €/mes.	85 %
		Maior do 60 e até ao 70 % do SMI: de 342,36 a 399,32 €/mes.	75 %
		Maior do 70 e até ao 80 % do SMI: de 399,32 a 456,48 €/mes.	65 %
		Maior do 80 e até ao 90 % do SMI: de 456,48 a 513,54 €/mes.	50 %
<b>2 persoas.</b>	110 % do SMI vixente: 627,66 €/mes	Inferior ou igual ao 70 % do SMI: 399,42 €/mes.	100 %
		Maior do 70 e até ao 80 % do SMI: de 399,42 a 456,48 €/mes.	85 %
		Maior do 80 e até ao 90 % do SMI: de 456,48 a 513,54 €/mes.	75 %
		Maior do 90 e até ao 100 % do SMI: de 513,54 a 570,60 €/mes.	65 %
		Maior do 100 e até ao 110 % do SMI: de 570,60 €/mes.	50 %
<b>3 ou máis persoas.</b>	Até o 130 % SMI vixente: 741,78 €/mes	Inferior ou igual ao 90 % do SMI: 513,54 €/mes.	100 %
		Maior do 90 e até ao 100 % do SMI: de 513,54 a 570,60 €/mes.	85 %
		Maior do 100 e até ao 110 % do SMI: de 570,60 €/mes.	75 %
		Maior do 110 e até ao 120 %: de 627,66 a 684,72 €/mes.	65 %
		Maior do 120 % e menor do 130 %: de 684,72 a 741,78 €/mes.	50 %

b)- Ingresos familiares:

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade familiar de convivencia, teñan ou non relación de parentesco entre si, e procedentes de retribucións, pensións, subsidios, prestacións, salarios ou rendas regulares e/ou irregulares de calquera natureza.

Terase en conta os ingresos líquidos, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e seguridade social.

Para obter a contía dos ingresos anuais sumárase o conxunto de ingresos líquidos obtidos nos 6 últimos meses anteriores á data da solicitude multiplicandoos por 2 para obter o conxunto dos ingresos anuais. Desta contía descontárase os gastos derivados do pago do alugueiro e/ou amortización da vivenda, segundo corresponda. E, a contía resultante dividírase entre 14 para obter os ingresos mensuais.

Todas aquelas familias que, superando a contía establecida, aleguen especiais dificultades derivadas de situación de enfermidade, de ser familia numerosa ou terse producido un parto múltiple no derradeiro ano, de gastos extraordinarios por diversos motivos, de producirse infortunios familiares, etc., teranse en consideración estas circunstancias, podendo ser concedida un subvención con carácter extraordinario na contía que se determine.

c)- Capital mobiliario:

Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen as 4.000 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomárase o saldo medio do 2006 recollido na certificación bancaria a 31/12/2006).

Todas aquelas familias que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse destas axudas, agás casos de especial gravidade que se valorarán.

**D) AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS O PAGO DE TAXAS MUNICIPAIS (AUGA, SANEAMENTO E LIXO).**

**1.) Definición e finalidade das subvencións:**

Estas subvencións van destinadas a cubrir os gastos dos recibos de todo o ano de auga, saneamento e lixo para persoas e/ou familias en situación de desemprego ou pensionistas mínimos que, polas súas condicións socioeconómicas, se vexa necesaria a concesión desta subvención apoiando así a aquelas persoas e/ou familias en situación económica máis desfavorecida.

**2.) Tipoloxía, contía e forma de pago das subvencións:**

Existen as seguintes tipoloxías de subvencións:

<b>Tipoloxía da Axuda</b>	<b>Máxima contía a subvencionar</b>
Subvención para o pago da auga e saneamento	107 €
Subvención para o pago de só auga	48 €
Subvención para o pago de só saneamento 90 % do custo	33 €
Subvencións para o pago do lixo zona urbana 90% do custo	76 €
Subvencións para o pago do lixo zona rural 90% do custo	65 €



O pago das subvencións para auga, saneamento e lixo, fraccionarase en dous prazos correspondentes ao 50% da axuda cada un, a saber: o primeiro prazo a partir do mes de xullo e sempre que o/a beneficiario/a aporte previamente os recibos pagados dos seis primeiros meses. O segundo prazo a partir de decembro e sempre que o/a beneficiario/a aporte previamente os recibos pagados dos seis meses restantes do ano.

En todo caso ás persoas e/ou familias que presenten facturas por importes inferiores ás contías máximas subvencionables, se lles subvencionará o 90% das facturas presentadas.

### 3.) Requisitos de acceso específicos a esta modalidade de subvención:

A maiores do cumprimento do apartado V) das presentes bases reguladoras que trata sobre as condicións xerais de acceso a este programa municipal, para solicitar esta modalidade de subvención, os/as solicitantes deberán cumprimentar os seguintes requisitos:

a)- Estar en situación de desemprego no intre da solicitude ou ser pensionista por calquera modalidade, ou ben alegar situación de carencia de recursos económicos.

b)- Ser titular dos recibos de impostos municipais obxecto de exención (auga, saneamento e recollida de lixo) ou, no caso de persoas en situación de aluguer, presentar os correspondentes recibos actualizados no pago a nome do/a dono/a da vivenda e xustificar debidamente a residencia no domicilio para o que se solicita a exención.

c)- Non dispor na unidade familiar de vehículo, calquera que sexa o seu titular.

d)- A solicitude, debidamente cumprimentada, deberá acompañarse de fotocopias compulsadas dos recibos pagados.

e)- Que se cumpran todos os requisitos económicos recollidos no apartado seguinte.

### 4.) Requisitos económicos para acceso a esta modalidade de subvención:

a) Táboa de ingresos máximos:

Número membros unidade de convivencia	Límite de ingresos económicos familiares	Tramos de ingresos
1 persoa	Pensión mínima de xubilación da seguridade social para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.	6.905,08 €/ ano 493,22 €/mes
2 persoas	Pensión mínima de xubilación da seguridade social para maiores de 65 anos e con cónxuxe a cargo.	8.484,84 €/ano 606,06 €/mes
3 ou mais persoas.	110% do Salario Mínimo Interprofesional.	8.787,24 €/ano 627,66 €/mes

b) Ingresos familiares:

Valorarase o conxunto de ingresos percibidos por cada unha das persoas que constitúen a unidade familiar de convivencia, teñan ou non relación de parentesco entre si, e procedentes de retribucións, pensións, subsidios, prestacións, salarios ou rendas regulares e/ou irregulares de calquera natureza.

Terase en conta os ingresos líquidos, logo dos descontos correspondentes ao IRPF e seguridade social.

Para obter a contía dos ingresos anuais sumárase o conxunto de ingresos líquidos obtidos nos 6 últimos meses anteriores á data da solicitude multiplicandoos por 2 para obter o conxunto dos ingresos anuais. Desta contía descontárase os gastos derivados do pago do alugueiro e/ou amortización da vivenda, segundo corresponda. E, a contía resultante dividírase entre 14 para obter os ingresos mensuais.

c) Capital mobiliario:

Entenderanse medios económicos suficientes no que respecta aos recursos procedentes do capital mobiliario e para a valoración da concesión das presentes axudas, os que superen os 2.500 euros en contas de aforros e/ou investimentos de toda a unidade familiar (tomárase o saldo medio do 2006 recollido na certificación bancaria a 31/12/2006).

Todas aquelas familias que superen este saldo bancario, aínda que reúnan o resto dos requisitos, non poderán beneficiarse destas axudas, agás casos de especial gravidade que se valorarán.

### **XIII) VIXENCIA DAS BASES**

Estas bases terán carácter indefinido ata a súa modificación expresa entrando en vigor o día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **XIV) APLICACIÓN SUPLETORIA**

Para o non previsto nestas bases estarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 276 de 18.11.2006), lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ás bases de execución do orzamento”.

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a proposta co seguinte resultado:

Votos a favor: dezaseis (16) dos/das señores/as Rivera Arnos, Permuy Martínez, González Vizoso, Martínez gonzález, Pico Sanmartín, González Tomé, Couto Seijido, Puentes Rivera, Rodríguez Carballeira, Goti Ramil, García Bermúdez, Yáñez Fernández, Malvar Fernández, Fornos Corral, Amado López e Sánchez Martínez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada por unanimidade a proposta da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Consumo de data 22 de Marzo de 2007 anteriormente transcrita.

### **5º.- RATIFICAR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 174/07 DE DATA 5 DE MARZO DE 2007 SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA O SERVIZO SOCIAL DE BASE.-**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía nº 174/07 de data 5 de Marzo de 2007 que transcrita di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº: 174/07**

**Sr. Alcalde-Presidente.**

**D. Xosé María Rivera Arnoso.**

Vista a Orde de 31 de xaneiro de 2007, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de Servizos Sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria, publicada no D.O.G. nº 27 do 7 de febreiro de 2007

En uso das facultades conferidas pola normativa vixente,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Acollese á citada orde, e solicitar unha subvención total por importe de 257.681,88 euros para as seguintes finalidades dentro dos Servizos Sociais de Atención Primaria:

Concepto	Descrición	Subvención Solicitada	Achega municipal	Coste total conceptos
<i>PERSOAL</i>	3 traballadoras sociais en plantilla, auxiliar administrativa 1 T.G.M ½ xornada (psicóloga). <i>Por lei de dependencia: 1 traballador/a social a tpo completo e 1 auxiliar admon a tempo completo.</i>	94.147,88 eu	97.437,66	191.585,5
<i>SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR</i>	8 T.F. mantementos 6 T.F. <i>por lei de dependencia</i>	102.424 eu	53.392 €	155.816
<i>REALIZACIÓN PROGRAMAS:</i> -Programa de Axudas económicas ás familias. -Programa ANT.	Programa de Axudas económicas para integración, prevención e apoio ás familias. <i>Solicítase o 50 % orzamento. 19.550 euros.</i> Programa ANTA. <i>Solicítase: 41.560 euros.</i>	61.110 eu	25.550 €	86.600 €
<b>TOTAL</b>		<b>257.681,88</b>	<b>176.379,6</b>	<b>434.061,4</b>

Total subvención solicitada: 257.681,88 euros.

**SEGUNDO.**-Facer constar que os Servizos Sociais de Atención Primaria séguense a prestar nas mesmas condición que o ano anterior.

**TERCEIRO.-** Adoptar o compromiso de consignar no orzamento para 2007 as contías correspondentes á aportación do concello, de acordo co seguinte detalle:

- PERSOAL:
    - 3 TRABALLADORAS SOCIAIS..... 70.422,59 €
    - 1 AUXILIAR ADMON.....15.373,49 €
    - 1 T.G.M(psicóloga a ½ xornada)..... 11.641,58 €
    - AXUDA NO FOGAR..... 53.392 €
    - REALIZACIÓN DE PROGRAMAS..... 25.550 €
- Para a xestión dos programas de axudas ás familias, e programa

Anta.

Solicitándose o 100 % para a contratación de 1 traballador/a social, 1 auxiliar administrativo/a e 6 traballadores/as de axuda no fogar dende o 1 de xullo ate 31 de decembro de 2007 (6 meses) para reforzo do departamento na aplicación da Lei de Autonomía Persoal e Apoio á Dependencia.

**CUARTO.-** Dar conta da presente resolución ao Concello Pleno.

**QUINTO.-** Remitir certificación do presente acordo á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a Resolución núm. 174/2007 de data 5 de Marzo de 2007 anteriormente transcrita, sendo ratificada por unanimidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e corenta minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria accidental, dou fe.

A secretaria acctal.,

O Alcalde-presidente

Asdo. Xosé M<sup>a</sup> Rivera Arnosó.

Asdo.: M<sup>a</sup> del Pilar Acebes Ruano.